



ACTA NÚM. 1 - DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN QUE TIVO LUGAR O DÍA 30 DE XANEIRO DE 2020.

No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Excmo. Concello de Santiago de Compostela, cando son as **17:00 horas** do día **30 de xaneiro de 2020**, constitúese o Pleno da Corporación en primeira convocatoria de sesión ordinaria.

A S I S T E N:

Don Xosé A. Sánchez Bugallo, Alcalde-Presidente.

PSdeG-PSOE:

Dona Mercedes Rosón Ferreiro
Don Gumersindo Guinarte Cabada
Dona María Milagros Castro Sánchez
Don Gonzalo Muíños Sánchez
Dona Marta Abal Rodríguez
Don José Manuel Pichel Patiño
Dona Noa Susana Díaz Varela
Don José Javier Fernández Martínez
Dona María Esther Pedrosa Carrete

PP:

Dona Ana Belen Sabel Iglesias
Don Alejandro Sánchez-Brunete Varela
Dona María Angeles Antón Vilasánchez
Don José Antonio Constenla Ramos
Don Evaristo Ben Otero
Don Ramón de Jesús Quiroga Limia
Dona Beatriz Cigarrán Vicente
Dona María Castelao Torres

CA:

Don Martiño Noriega Sánchez
Dona Branca Petra Novo Rey
Don Rafael Peña Vidal.
Dona Marta Irene Lois González
Don Jorge Carlos Duarte Vázquez

BNG:

Dona María Goretti Sanmartín Rei
Dona Navia Rivas de Castro.

Don Juan Ramón González Carnero, **interventor do Concello.**

José Ramón Alonso Fernández, **Secretario do Pleno do Concello de Santiago de Compostela.**

ORDE DO DÍA:

- 1. Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do 19 de decembro de 2019.**
- 2. Proposta da alcaldía para a adhesión do concello á Asociación de Concellos do Camiño da ría de Muros-Noia.**
- 3. Proposta da alcaldía para a adhesión do concello á Asociación de Concellos do Camiño Fisterra-Muxía.**
- 4. Proposición do grupo municipal de Compostela Aberta para impulsar un acordo de cidade que consensúe unha colaboración estable entre concello e USC.**
- 5. Proposición do grupo municipal do BNG para pór en marcha a tarxeta cidadá para o pagamento de servizos e bonificacións de axudas municipais.**
- 6. Proposición do grupo municipal do Partido Popular para a conexión do Parque de Belvís coa Porta do Camiño, a rehabilitación da Praza do Matadoiro e das traseiras dos edificios da rúa de San Pedro.**
- 7. Proposición do grupo municipal do Partido Popular sobre o estudo da asunción da xestión pública nos aparcadoiros subterráneos das prazas de Galicia e de Vigo.**
- 8. Proposición do grupo municipal de Compostela Aberta para a protección do pequeno comercio na cidade vella de Santiago.**
- 9. Dar conta de escrito do grupo municipal do Partido Popular de cambio de membros en distintas comisións.**
- 10. Dar conta de escritos dos grupos políticos municipais designando representantes na comisión especial de “Peleteiro”.**
- 11. Dar conta de resolucións de prórroga do orzamento do concello e do auditorio do ano 2019 para o 2020.**

12. Dar conta da elevación á aprobación definitiva do Regulamento de Organización e Funcionamento da Asesoría Xurídica.

13. Dar conta da elevación á aprobación definitiva da modificación de ordenanzas fiscais.

14. Dar conta de resolucións da alcaldía, das concellarías delegadas e acordos da Xunta de Goberno Local.

15. Rogos, preguntas e interpelacións.

Rogos:

Do grupo municipal do BNG, de data 16 de xaneiro de 2019, núm. 12.
Do grupo municipal do BNG, de data 16 de xaneiro de 2020, núm. 13.
Do grupo municipal do BNG, de data 16 de xaneiro de 2020, núm. 14.
Do grupo municipal de CA, de data 17 de xaneiro de 2020, núm. 18.
Do grupo municipal do PP, de data 22 de xaneiro de 2020, núm. 31.
Do grupo municipal do PP, de data 22 de xaneiro de 2020, núm. 32.
Do grupo municipal do PP, de data 22 de xaneiro de 2020, núm. 33.
Do grupo municipal de CA, de data 22 de xaneiro de 2020, núm. 44.
Do grupo municipal de CA, de data 22 de xaneiro de 2020, núm. 45.

Preguntas resposta oral:

Do grupo municipal de CA, de data 22 de novembro de 2019, núm. 281.
Do grupo municipal do BNG, de data 15 de xaneiro de 2020, núm. 11.
Do grupo municipal do BNG, de data 21 de xaneiro de 2020, núm. 22.
Do grupo municipal do PP, de data 22 de xaneiro de 2020, núm. 34.
Do grupo municipal do PP, de data 22 de xaneiro de 2020, núm. 35.
Do grupo municipal do PP, de data 22 de xaneiro de 2020, núm. 36.
Do grupo municipal de CA, de data 22 de xaneiro de 2020, núm. 38.
Do grupo municipal de CA, de data 22 de xaneiro de 2020, núm. 41.
Do grupo municipal de CA, de data 22 de xaneiro de 2020, núm. 42.

Preguntas resposta escrita:

Do grupo municipal de CA, de data 9 de xaneiro de 2020, núm. 8.
Do grupo municipal do BNG, de data 21 de xaneiro de 2020, núm. 23.

Interpelación:

Do grupo municipal do PP, de data 22 de xaneiro de 2020, núm. 30.

16. Toma en consideración de mocións presentadas polos grupos municipais:

1. Rexistro de entrada do día 13 de xaneiro de 2020, núm. 10, presentada polo grupo municipal do BNG, para a mellora da sanidade pública.
2. Rexistro de entrada do día 17 de xaneiro de 2020, núm. 15, presentada polo grupo municipal do BNG, para recuperar o patrimonio galego que se encontra no Museo Arqueolóxico Nacional.
3. Rexistro de entrada do día 17 de xaneiro de 2020, núm. 16, presentada polo grupo municipal de CA, para planificar estratexicamente a rede municipal de bibliotecas José Saramago.
4. Rexistro de entrada do día 21 de xaneiro de 2020, núm. 19, presentada polo grupo municipal do BNG, para a celebración do día de Rosalía.
5. Rexistro de entrada do día 22 de xaneiro de 2020, núm. 28, presentada polo grupo municipal do Partido Popular, para unha acción coordinada que contribúa a regular os fluxos turísticos no contorno da Catedral.
6. Rexistro de entrada do día 22 de xaneiro de 2020, núm. 29, presentada polo grupo municipal do Partido Popular, para a recuperación do apoio ao Consorcio nos orzamentos do estado para 2020.
7. Rexistro de entrada do día 22 de xaneiro de 2020, núm. 37, presentada polo grupo municipal de CA, para instar ao Ministerio de Transporte, Mobilidade e Axenda Urbana a realizar actuacións urxentes para o equilibrio territorial e pendentes en Santiago de Compostela.
8. Rexistro de entrada do día 22 de xaneiro de 2020, núm. 39, presentada polo grupo municipal do BNG, para divulgar o legado de Isaac Díaz Pardo no centenario do seu nacemento.
9. Rexistro de entrada do día 22 de xaneiro de 2020, núm. 40, presentada polo grupo municipal do Partido Popular, para instar ao goberno do estado a aboar a débeda pendente con Galicia.
10. Rexistro de entrada do día 22 de xaneiro de 2020, núm. 43, presentada polo grupo municipal de CA, para construír unha nova piscina municipal cuberta en Santa Marta.

Ao comezo da sesión gardase un minuto de silencio polas vítimas da violencia de xénero.

A continuación teñen lugar as seguintes intervencións:

1º D. Xosé M. Dios Diz, con relación á moción do BNG sobre sanidade.

2º D. José Ángel Rioseco Díaz, con relación á moción de CA sobre a piscina de Sta. Marta.

3º D. Luís Ferrer Lojo, con relación á moción de CA sobre a piscina de Sta. Marta.

Antes de pasar ao estudo dos asuntos recollidos na orde do día, vótase a declaración de urxencia, que é acordada por unanimidade, para ser tratado na sesión plenaria o seguinte asunto:

URXENCIA: APROBACIÓN INICIAL DE EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO EXTRAORDINARIO NÚM. 2020-CREXT-01, POR IMPORTE DE 800.000 EUROS.

O informe ref.1/2020, de data 21 de xaneiro do corrente ano, en relación ao asunto do epígrafe do técnico da oficina de orzamentos, e que trae o conforme da concelleira delegada de economía e facenda, ten o seguinte contido:

“NORMATIVA APLICABLE

Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL), artigos 177, 213 á 222.

Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I do Título VI do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, en materia de Orzamentos, artigos 36 e 37.

Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.

Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura de orzamentos das Entidades Locais modificada pola Orde HAP/419/2014 de 14 de marzo.

Artigos 12 e 13 das Bases de Execución do Orzamento do exercicio 2019 prorrogado ao exercicio 2020.

ANTECEDENTES

Informe proposta con data de 20.01.2020 do xefe do servizo de Proxectos e Obras (responsable administrativo do CX 09) co conforme do director de Área D.U.S. (responsable do CX 07 que cede crédito) e proposta do Concelleiro delegado de Barrios e Obras co visto e praxe da Concelleira delegada de Urbanismo, de necesidade de tramitación de expediente de crédito extraordinario 2020-CREXT-01.

Protocolo de colaboración de data 15.02.2017 entre a Consellería de Infraestruturas e Vivenda, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a Axencia de Turismo de Galicia, a Axencia Galega de Infraestruturas e o Concello de Santiago de Compostela, para a mellora e integración paisaxística das entradas dos Camiños de Santiago en Santiago de Compostela.

Acordo da Xunta de Goberno Local de 24.02.2017 de dación de conta do protocolo de colaboración para a mellora e integración paisaxística das entradas dos Camiños de Santiago asinado en data 15.02.2017.

Acta da xuntanza da comisión de seguimento de 12.04.2019 (sinatura electrónica da acta nos días 13, 14 e 16 de maio de 2019) do protocolo de colaboración para a mellora e integración paisaxística das entradas dos Camiños de Santiago.

Acordo de Xunta de Goberno Local de 10.12.2019 (punto 6) de aprobación do protocolo de colaboración entre a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, a Consellería de Cultura e Turismo, a Axencia de Turismo de Galicia, a Axencia Galega de Infraestruturas e o Concello de Santiago de Compostela, para a mellora e integración paisaxística das entradas dos Camiños de Santiago en Santiago de Compostela, autorizando ao Alcalde-Presidente da Corporación para a sinatura do mesmo.

Protocolo de colaboración de data 10.12.2019 entre a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, a Consellería de Cultura e Turismo, a Axencia de Turismo de Galicia, a Axencia Galega de Infraestruturas e o Concello de Santiago de Compostela, para a mellora e integración paisaxística das entradas dos Camiños de Santiago en Santiago de Compostela.

XUSTIFICACIÓN DA NECESIDADE

Unha vez analizado o informe proposta que forma parte do inicio do expediente e a documentación que figura no apartado de antecedentes do mesmo que dá soporte á solicitude de crédito extraordinario baixo o número de expediente 2020-CREXT-01, segundo opinión da oficina orzamentaria queda acreditada a especificidade e determinación do novo gasto proposto, a xustificación da súa necesidade e a súa inmediatez sen posibilidade de demora para o exercicio seguinte.

O expediente que se presenta a aprobación pretende habilitar crédito nunha aplicación orzamentaria nova do capítulo 6 de investimentos do orzamento 2019 prorrogado ao exercicio 2020 -040 15321 61900-, a incluír nun novo proxecto de gasto que se crea ao efecto da xestión económica da execución da obra -2020 2 CAMIÑ 1-, para atender ao compromiso asumido polo Concello no protocolo asinado con data de 10.12.2019 da execución por parte do Concello, no marco da mellora e integración paisaxística das entradas dos Camiños de Santiago en Santiago de Compostela, das obras na rúa de Concheiros.

O importe da modificación orzamentaria proposta, modalidade crédito extraordinario, é de 800.000,00 euros, que é o importe recollido no orzamento 2019 para atender nesa anualidade as obrigas que inicialmente asumía o Concello no marco do primeiro

protocolo asinado con data de 15.02.2017. O crédito figura recollido no proxecto de gasto 2019 2 CAMIÑ 28 baixo a aplicación orzamentaria 050 15320 75000.

FINANCIAMENTO DA MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA

Como recurso que financia este crédito extraordinario, o artigo 36 do RD 500/1990, de 20 de abril, sinala que os suplementos de crédito poden financiarse indistintamente con algúns dos seguintes recursos:

- a) Por conta do remanente líquido de tesourería calculado consonte os artigos 101 a 104.
- b) Por conta de novos ou maiores ingresos efectivamente recadados sobre os totais previstos nalgún concepto do orzamento corrente.
- c) Mediante anulacións ou baixas de crédito doutras aplicacións do orzamento vixente non comprometidas, cuxas dotacións se estimen reducibles sen perturbación do respectivo servizo.

No caso que nos ocupa, esta proposta de crédito extraordinario finánciase con baixas por anulación do crédito dispoñible existente de importe 800.000,00 euros, no orzamento do exercicio 2019 prorrogado ao exercicio 2020, no proxecto de gasto -2019 2 CAMIÑ 28- baixo a aplicación orzamentaria 050 15320 75000 financiado con préstamo formalizado no exercicio 2019 coa entidade bancaria ABANCA e aínda non disposto, cuxas dotacións se estiman reducibles no momento actual, dado que a finalidade deste crédito era dar cobertura ao protocolo asinado o 15.02.2017, mudando a finalidade inicialmente prevista coa sinatura do novo protocolo de data 10.12.2019 toda vez que a execución das obras previstas ían ser levadas a cabo pola propia Xunta de Galicia pasando no momento actual a ser executadas a través do Concello de Santiago.

Se ben o fondo económico desta operación é o mesmo, é dicir, a execución de obras para a mellora e integración paisaxística das entradas dos Camiños de Santiago en Santiago de Compostela, a forma de como asumir os compromisos muda no sentido de que se ben inicialmente as obrigas do Concello figuraban recollidas nunha achega de capital á Xunta de Galicia (o primeiro protocolo asinado prevía que a execución desta obra de Concheiros corría a cargo da propia Xunta achegando o Concello tan só financiamento), con base no novo protocolo é o propio Concello quen cos seus recursos asume a execución de parte das actuacións previstas, no caso concreto a reforma da rúa Concheiros (novo investimento e polo tanto capítulo 6 de gastos).

AS MODIFICACIÓNS ORZAMENTARIAS NO ORZAMENTO PRORROGADO

No eido da xestión orzamentaria da prórroga cómpre indicar o seguinte:

- En tanto non entre en vigor o orzamento definitivo, o prorrogado poderá ser obxecto de calquera das modificacións previstas pola Lei -artigos 169.6 do TRLFL e artigo 21.4.5 e 6 do RD 500/1990-.

- O orzamento definitivo aprobarase, no seu caso, con efectos 1 de xaneiro e os créditos nel incluídos terán a consideración de créditos iniciais.

- As modificacións efectuadas sobre o orzamento prorrogado entenderanse feitas sobre o orzamento definitivo, agás que o Pleno dispoña no propio acordo de aprobación deste último que determinadas modificacións se consideran incluídas nos créditos iniciais, en cuxo caso deberán anularse as mesmas.

No relativo á modalidade de modificativo proposta -crédito extraordinario financiado con baixas por anulación- cómpre facer as seguintes consideracións:

O crédito extraordinario financiado con baixas por anulación é unha modificación de natureza cualitativa na medida en que altera a cualidade do gasto sen modificar a contía total do estado de gastos do orzamento municipal. Inciden unicamente no orzamento de gastos incrementando o crédito dunhas aplicacións por conta de minorar -baixa por anulación-, no mesmo importe global, o de outras.

Todas as aplicacións orzamentarias implicadas -nas que se dota o crédito no capítulo 6 de gasto e nas que se declara a baixa no capítulo 7 de gastos- pertencen ao mesmo capítulo de gasto non financeiro polo que a modificación proposta non impacta, en termos de incremento de gastos desa natureza, no cumprimento do obxectivo de estabilidade, nin da regra de gasto, mantendo o equilibrio orzamentario global.

PROPOSTA

De conformidade co establecido nos artigos 12 e 13 das Bases de execución do Orzamento Municipal de 2019 prorrogado ao exercicio 2020, e de acordo co establecido no artigo 177 e ss do texto refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais e demais disposicións vixentes na materia,

PROPONSE que pola Concelleira delegada de Economía e Facenda, se decrete a incoación do expediente de modificación de créditos mediante crédito extraordinario do Orzamento municipal do ano 2019 prorrogado ao exercicio 2020 baixo o número de referencia **2020-CREXT-01**, dando traslado á Comisión informativa de Presidencia, Réxime Interior, Facenda e Especial de Contas para o seu ditame e posterior aprobación polo Pleno, previo sometemento do acordo á Xunta de Goberno Local, en relación á seguinte proposta:

PRIMEIRO: Aprobar o expediente de crédito extraordinario co número 2020-CREXT-01 con base ao contido do informe proposta que forma parte do expediente, por un monto global de **OITOCENTOS MIL EUROS (800.000,00 euros)** para atender as obras de mellora do Camiño Francés ao seu paso pola rúa Concheiros no marco do protocolo de colaboración asinado o 10.12.2019 en relación á mellora e integración paisaxística das entradas dos Camiños de Santiago en Santiago de Compostela, financiado con baixas por anulación.

En resumo:

CRÉDITO EXTRAORDINARIO					FINANCIAMENTO: BAIXAS POR ANULACIÓN								
DESCRICIÓN	APLICACIÓN DE GASTO			PROXECTO DE GASTO	IMPORTE	TIPO MC	DESCRICIÓN DETALLADA	APLICACIÓN DE GASTO			PROXECTO DE GASTO	IMPORTE	
Obras de mellora do Camiño Francés ao seu paso pola rúa Concheiros ao amparo do Protocolo de colaboración asinado o 10.12.2019 en relación á mellora e integración paisaxística das entradas dos Camiños de Santiago en Santiago de Compostela	040	15321	61900	2020 2 CAMIÑ 1	800.000,00	CE	Baixas por anulación do crédito dispoñible na aplicación orzamentaria 050 15320 75000	050	15320	75000	2019 2 CAMIÑ 28	800.000,00	
					800.000,00								800.000,00

Este expediente terá o seguinte detalle:

A) Habilitación de CRÉDITO EXTRAORDINARIO:

CRÉDITO EXTRAORDINARIO						
DESCRICIÓN		APLICACIÓN DE GASTO			PROXECTO DE GASTO	IMPORTE
Obras de mellora do Camiño Francés ao seu paso pola rúa Concheiros ao amparo do Protocolo de colaboración asinado o 10.12.2019 en relación á mellora e integración paisaxística das entradas dos Camiños de Santiago en Santiago de Compostela		040	15321	61900	2020 2 CAMIÑ 1	800.000,00
						800.000,00

B) Financiamiento:

FINANCIAMENTO: BAIXAS POR ANULACIÓN					
DESCRICIÓN DETALLADA	APLICACIÓN DE GASTO			PROXECTO DE GASTO	IMPORTE
Baixas por anulación do crédito dispoñible na aplicación orzamentaria 050 15320 75000	050	15320	75000	2019 2 CAMIÑ 28	800.000,00
					800.000,00

Baixas por anulación: **800.000,00 euros**

Resumo do expediente modificativo de crédito:

EXPRESIÓN	IMPORTE
1.- Total crédito extraordinario	800.000,00 €
2.- Total suplemento de crédito	
2.- Financiamento	
a) Novos ingresos	
b) Baixas por anulación	800.000,00 €
c) Remanente de tesourería afectado a gastos xerais	

SEGUNDO: Na tramitación deste expediente de crédito extraordinario serán de aplicación as normas sobre información, reclamacións e publicidade aplicables á aprobación dos orzamentos da entidade a que se refiren os artigos 20 e 22 do RD 500/1990 e 169 do TRLRFL (artigo 38.2 do RD 500/1990), polo que este expediente expoñeráse ao público durante quince días hábiles de acordo co establecido no artigo 38 do RD 500/1990, en relación co artigo 169 do TRLRFL.

TERCEIRO: Elevar automaticamente a definitivo o expediente inicialmente aprobado de crédito extraordinario 2020-CREXT-01 se contra o mesmo non se formulase reclamación algunha, procedendo á publicación do resumo por capítulos no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello, remitindo copia á Administración do Estado e da Comunidade Autónoma.

CUARTO: Igualmente seránlle aplicables a este expediente de crédito extraordinario 2020-CREXT-01 as normas referentes aos recursos contencioso-administrativos contra os orzamentos da entidade a que se refiren os artigos 23 do RD 500/1990 e 171 do TRLRFL.”

Figuran, así mesmo, no expediente informes de intervención xeral, da dirección de área de urbanismo e proxectos e obras, da mesma data que o anterior; máis o acordo da Xunta de Goberno de aprobación inicial do expediente de data 22 de xaneiro do corrente ano.

Xa que logo, á vista do informe proposta transcrito, do ditame favorable da Comisión de presidencia, réxime interior, modernización da administración, facenda e especial de contas correspondente á súa sesión extraordinaria do día 30 de xaneiro do corrente ano, e demais documentación que figura no expediente, o Pleno da Corporación por 18 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras dos grupos municipais do PSdeG-PSOE e Partido Popular (10 PSdeG-PSOE e 8 PP), e 7 abstencións correspondentes aos concelleiros e concelleiras dos grupos municipais de CA e do BNG (5 CA e 2 BNG), acorda:

PRIMEIRO: Aprobar o expediente de crédito extraordinario co número 2020-CREXT-01 con base ao contido do informe proposta que forma parte do expediente, por un monto global de OITOCENTOS MIL EUROS (800.000,00 euros) para atender as obras de mellora do Camiño Francés ao seu paso pola rúa Concheiros no marco do protocolo de colaboración asinado o 10.12.2019 en relación á mellora e integración paisaxística das entradas dos Camiños de Santiago en Santiago de Compostela, financiado con baixas por anulación.

En resumo:

CRÉDITO EXTRAORDINARIO					FINANCIAMENTO: BAIXAS POR ANULACIÓN								
DESCRICIÓN	APLICACIÓN DE GASTO			PROXECTO DE GASTO	IMPORTE	TIPO MC	DESCRICIÓN DETALLADA	APLICACIÓN DE GASTO			PROXECTO DE GASTO	IMPORTE	
Obras de mellora do Camiño Francés ao seu paso pola rúa Concheiros ao amparo do Protocolo de colaboración asinado o 10.12.2019 en relación á mellora e integración paisaxística das entradas dos Camiños de Santiago en Santiago de Compostela	040	15321	61900	2020 2 CAMIÑ 1	800.000,00	CE	Baixas por anulación do crédito dispoñible na aplicación orzamentaria 050 15320 75000	050	15320	75000	2019 2 CAMIÑ 28	800.000,00	
					800.000,00								800.000,00

Este expediente terá o seguinte detalle:

A) Habilitación de CRÉDITO EXTRAORDINARIO:

CRÉDITO EXTRAORDINARIO				
DESCRICIÓN	APLICACIÓN DE GASTO			IMPORTE
Obras de mellora do Camiño Francés ao seu paso pola rúa Concheiros ao amparo do Protocolo de colaboración asinado o 10.12.2019 en relación á mellora e integración paisaxística das entradas dos Camiños de Santiago en Santiago de Compostela	040	15321	61900	2020 2 CAMIÑ 1
				800.000,00
				800.000,00

B) Financiamiento:

FINANCIAMENTO: BAIXAS POR ANULACIÓN				
DESCRICIÓN DETALLADA	APLICACIÓN DE GASTO			IMPORTE
Baixas por anulación do crédito dispoñible na aplicación orzamentaria 050 15320 75000	050	15320	75000	2019 2 CAMIÑ 28
				800.000,00
				800.000,00

Baixas por anulación: **800.000,00 euros**

Resumo do expediente modificativo de crédito:

EXPRESIÓN	IMPORTE
1.- Total crédito extraordinario	800.000,00 €
2.- Total suplemento de crédito	
2.- Financiamento	
a) Novos ingresos	
b) Baixas por anulación	800.000,00 €
c) Remanente de tesourería afectado a gastos xerais	

SEGUNDO: Na tramitación deste expediente de crédito extraordinario serán de aplicación as normas sobre información, reclamacións e publicidade aplicables á aprobación dos orzamentos da entidade a que se refiren os artigos 20 e 22 do RD 500/1990 e 169 do TRLRFL (artigo 38.2 do RD 500/1990), polo que este expediente expoñerase ao público durante quince días hábiles de acordo co establecido no artigo 38 do RD 500/1990, en relación co artigo 169 do TRLRFL.

TERCEIRO: Elevar automaticamente a definitivo o expediente inicialmente aprobado de crédito extraordinario 2020-CREXT-01 se contra o mesmo non se formulase reclamación algunha, procedendo á publicación do resumo por capítulos no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello, remitindo copia á Administración do Estado e da Comunidade Autónoma.

CUARTO: Igualmente seranlle aplicables a este expediente de crédito extraordinario 2020-CREXT-01 as normas referentes aos recursos contencioso-administrativos contra os orzamentos da entidade a que se refiren os artigos 23 do RD 500/1990 e 171 do TRLRFL.

Pasase agora ao estudo dos asuntos incluídos na orde do día.

1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA DO 19 DE DECEMBRO DE 2019.

Apróbase por unanimidade dos/as concelleiros e concelleiras a acta correspondente á sesión ordinaria do día 19 de decembro de 2019.

2. PROPOSTA DA ALCALDÍA AO PLENO PARA A ADHESIÓN Á ASOCIACIÓN DE CONCELLOS DO CAMIÑO DA RÍA DE MUROS-NOIA.

A proposta da alcaldía de data 17 de xaneiro do corrente ano, en relación ao asunto do epígrafe ten o seguinte contido:

“De acordo co disposto na Lei orgánica 1/2002, de 22 de marzo, Reguladora do Dereito de Asociación, Disposición Adicional Quinta da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento



Administrativo Común, Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, que aproba o regulamento de Organización e Funcionamento das Corporacións Locais e artigos 22.2.b) e 47.2.g) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, o Alcalde do Concello de Santiago presenta para a súa aprobación no Pleno os seguintes

ACORDOS:

- 1.- Manifestar a vontade do Concello de Santiago de Compostela de integrarse como socio fundador na Asociación de Concellos do Camiño da ría Muros-Noia.
- 2.- Aprobar a proposta de estatutos para a constitución e funcionamento da devandita asociación de concellos.
- 3.- Designar como representante do Concello de Santiago de Compostela na Asociación a D. Gumersindo Guinarte Cabada, concelleiro delegado de Presidencia, Relacións Institucionais e Turismo, ou concelleiro/a que o substitúa.”

Figura no expediente informe do secretario xeral do pleno.

Xa que logo, a vista da proposta transcrita e máis do ditame favorable da Comisión de Presidencia, Réxime Interior, Modernización da Administración, Facenda e Especial de contas correspondente á súa sesión ordinaria do día 27 de xaneiro do corrente ano, o Pleno da Corporación por unanimidade dos/as concelleiros e concelleiras, polo tanto co quórum da maioría absoluta do número legal de membros da Corporación, acorda:

- 1.- Manifestar a vontade do Concello de Santiago de Compostela de integrarse como socio fundador na Asociación de Concellos do Camiño da ría Muros-Noia.
- 2.- Aprobar a proposta de estatutos para a constitución e funcionamento da devandita asociación de concellos.
- 3.- Designar como representante do Concello de Santiago de Compostela na Asociación a D. Gumersindo Guinarte Cabada, concelleiro delegado de Presidencia, Relacións Institucionais e Turismo, ou concelleiro/a que o substitúa.

3. PROPOSTA DA ALCALDÍA AO PLENO PARA A ADHESIÓN Á ASOCIACIÓN DE CONCELLOS DO CAMIÑO FISTERRA-MUXÍA.

A proposta da alcaldía de data 17 de xaneiro do corrente ano, en relación ao asunto do epígrafe ten o seguinte contido:



“De acordo co disposto na Lei orgánica 1/2002, de 22 de marzo, Reguladora do Dereito de Asociación, Disposición Adicional Quinta da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común, Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, que aproba o regulamento de Organización e Funcionamento das Corporacións Locais e artigos 22.2.b) e 47.2.g) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, o Alcalde do Concello de Santiago presenta para a súa aprobación no Pleno os seguintes **ACORDOS**:

- 1.- Manifestar a vontade do Concello de Santiago de Compostela de integrarse como socio fundador na Asociación de Concellos do Camiño Fisterra e Muxía.
- 2.- Aprobar a proposta de estatutos para a constitución e funcionamento da devandita asociación de concellos.
- 3.- Designar como representante do Concello de Santiago de Compostela na Asociación a D. Gumersindo Guinarte Cabada, concelleiro delegado de Presidencia, Relacións Institucionais e Turismo, ou concelleiro/a que o substitúa.”

Figura no expediente informe do secretario xeral do pleno.

Xa que logo, á vista da proposta transcrita e máis do ditame favorable da Comisión de Presidencia, Réxime Interior, Modernización da Administración, Facenda e Especial de contas correspondente á súa sesión ordinaria do día 27 de xaneiro do corrente ano, o Pleno da Corporación por unanimidade dos/as concelleiros e concelleiras, polo tanto co quórum da maioría absoluta do número legal de membros da Corporación, acorda:

- 1.- Manifestar a vontade do Concello de Santiago de Compostela de integrarse como socio fundador na Asociación de Concellos do Camiño Fisterra e Muxía.
- 2.- Aprobar a proposta de estatutos para a constitución e funcionamento da devandita asociación de concellos.
- 3.- Designar como representante do Concello de Santiago de Compostela na Asociación a D. Gumersindo Guinarte Cabada, concelleiro delegado de Presidencia, Relacións Institucionais e Turismo, ou concelleiro/a que o substitúa.

4. PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE COMPOSTELA ABERTA PARA IMPULSAR UN ACORDO DE CIDADE QUE CONSENSÚE UNHA COLABORACIÓN ESTABLE ENTRE CONCELLO E USC.



Con data 17 de xaneiro do corrente ano e número de rexistro 17, presentouse a proposición do epígrafe, co seguinte contido:

“O Grupo Municipal de Compostela Aberta, ao abeiro do regulamento orgánico municipal do Concello de Santiago, presenta a seguinte proposición para o seu debate no Pleno. O proxecto do acordo procura impulsar unha colaboración estable e consensuada entre Concello e Universidade de Santiago.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A Universidade de Santiago é a institución académica referente para o conxunto de Galicia, alén de ser unha das máis destacadas e antigas de Europa. O Concello de Santiago mantén, e debe manter, varias vías de colaboración coa USC, para poder establecer sinerxías e para aproveitar a potencialidade da Universidade como fonte de coñecemento. Dúas institucións que son centrais e fundamentais para o desenvolvemento de Compostela como capital e cidade referente académica e cultural, mais tamén para avanzar e mellorar na calidade de vida e no benestar do conxunto da veciñanza.

A relación da institución académica co resto da cidade debe dar resposta ao encaixe urbanístico dos Campus e pór en valor o impacto económico que supón a USC para a cidade, así como o seu efecto de atracción de poboación. Cuestións co suficiente peso e transcendencia como para procurar un consenso e acordo de cidade no que o Concello de Santiago e Universidade aborden os temas máis transcendentes e importantes e que precisan dun apoio de todas as forzas políticas da corporación. Un acordo de cidade que traballe polo consenso e que permita unha relación estable e eficaz, independentemente da cor política do goberno municipal, que se viabilice a través dun convenio interadministrativo entre ambas institucións.

Un acordo de cidade no que participen todos os grupos municipais e no que se marquen, como mínimo, os seguintes puntos a traballar:

Humanización do Campus

Un dos principais retos de cidade é o de repensar o Campus Vida, o antigo Campus Sur, e buscar a súa mellor integración urbana na cidade, alén de resolver todas as cuestións relacionadas co seu mantemento. Compre asinar un convenio que impulse o encaixe definitivo da zona universitaria na trama urbana de Santiago, con solucións que sexan consensuadas tanto coa comunidade universitaria como co conxunto da cidadanía e tecido asociativo.

Transferencia de coñecemento

Manter a liña iniciada nos anos anteriores que permitiu que diferentes departamentos da USC foran un apoio técnico esencial para resolver problemas como o das músicas ao vivo, a EDAR, ou a memoria histórica. Potenciar esta colaboración, sobre todo nas áreas de biomedicina e biotecnoloxía.

Uninova coa innovación empresarial

Potenciar o labor desenvolvido por Uninova, a sociedade para a promoción de Iniciativas Empresariais Innovadoras impulsada pola USC e o Concello. Ao seu abeiro, colaborar na implementación de fondos obtidos en proxectos estatais e europeos, para conseguirmos unha Compostela que sexa capital das empresa innovadoras.

Xardín Botánico

Partindo dos traballos da Comisión Cidadá xa constituída, e compartindo a súa reivindicación, é necesario volver impulsar o proxecto do Xardín Botánico de Santiago, polo seu interese en termos de educación e investigación ambiental, polo seu atractivo turístico, e porque sería un importante espazo recreativo para a veciñanza.

Partilla de equipamentos

Nos últimos ano abriuse a vía da partilla de equipamentos entre Concello e USC, como no caso dos campos de fútbol e rugby ou as posibilidades que ofrece a Casa Elisa e Jimena Fernández de la Vega. No futuro compre alargar estas colaboración moi necesaria, sobre todo, no relativo a infraestruturas deportivas como as pistas de Atletismo ou a piscina universitaria.

Por todo o anterior, o Grupo Municipal de Compostela Aberta presenta á consideración do Pleno o seguinte:

ACORDO:

1. Impulsar unha comisión de colaboración e seguimento entre o Concello de Santiago e a Universidade de Santiago que, liderada polo/a alcalde/sa e o/a reitor/a -e contando con representación de todos os grupos municipais da corporación- aproveite ao máximo as sinerxías e potencie o traballo conxunto entre ambas institucións.”

Presentaron emendas a anterior proposición os grupos municipais Socialista e o BNG, que non foron aceptadas polo grupo de CA.

Rematado o debate, o Pleno da Corporación por 15 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras dos grupos municipais do Partido Popular, de CA e do BNG (8 PP, 5 CA e 2 BNG), e 10 abstencións correspondentes aos concelleiros e concelleiras do grupo municipal do PSdeG-PSOE, acorda impulsar unha comisión de colaboración e seguimento entre o Concello de Santiago e a Universidade de Santiago que, liderada polo/a alcalde/sa e o/a reitor/a -e contando con representación de todos os grupos municipais da corporación- aproveite ao máximo as sinerxías e potencie o traballo conxunto entre ambas institucións.

5. PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG PARA PÓR EN MARCHA A TARXETA CIDADÁ PARA O PAGAMENTO DE SERVIZOS E BONIFICACIÓNS DE AXUDAS MUNICIPAIS.

A proposición do epígrafe foi substituída por unha declaración institucional asinada polos catro grupos políticos municipais (PSdeG-PSOE, PP, CA e BNG), e aprobada tamén por unanimidade, co seguinte contido:

“DECLARACIÓN INSTITUCIONAL PARA PÓR EN MARCHA A TARXETA CIDADÁ PARA O PAGAMENTO DE SERVIZOS E BONIFICACIÓN DE AXUNDAS MUNICIPAIS

Na Estratexia de Desenvolvemento Urbano Sustentábel Integrada (EDUSI) está prevista a implantación dunha tarxeta cidadá para facilitar o pagamento de servizos, con vantaxes e bonificacións, de cara a fomentar o empadramento de residentes en Santiago de Compostela.

Esta tarxeta cidadá multiservizo, que xa se utiliza noutros concellos, serve para unificar a identificación persoal para o pagamento e obtención de beneficios de prestacións, segundo o caso, do transporte público, dos parquímetros da ORA, das actividades dos centros socioculturais e instalacións deportivas, da Escola Municipal de Música e dos espectáculos culturais, entre outros; mais tamén podería utilizarse como tarxeta moedeiro para a adquisición de material escolar, bolsas de comedor e bonotaxi para persoas con diversidades.

Súmase esa posibilidade de que teña a función de tarxeta moedeiro para a tramitación de axudas e prestacións sociais co fin de contribuír a paliar socioloxicamente o estigma da pobreza e da exclusión. Así por exemplo, na tramitación de axudas para material escolar que se resollen mediante factura obrigan as persoas perceptoras a dar conta da súa situación persoal e mesmo a burocracia, nalgúns casos, pode atrasar o seu cobro. Con esta atribución, podería realizarse o pagamento en establecementos da cidade de produtos de primeira necesidade como alimentación, roupa, calzado e aseo persoal, dos que sexan beneficiarias persoas con vulnerabilidade económica.

Segundo os últimos datos do IGE (2018), na área de Compostela a taxa de risco de pobreza sitúase nun 13,18 por cento. Entre as medidas e recursos municipais para atender situacións de vulnerabilidade ou exclusión social está a Renda de Garantía Básica Cidadá, cunha renda de solidariedade activa, con axudas para afrontar situacións de risco social, para a prevención e a inserción social.

Esta tarxeta cidadá pode ser un instrumento para unificar e facilitar as xestións dos servizos municipais con funcionalidades que se poden incorporar segundo se avance na súa programación tecnolóxica. Con este sistema simplifícase a xestión tanto para as persoas perceptoras como para o propio departamento municipal.

Así, pode empregarse para adquisición de material escolar, realización de actividades extraescolares e bolsas de comedor, que en 2019 contaron con 600.000 euros e concedéronse 1.127 destas prestacións sociais. Na modalidade de escaseza de recursos, houbo un total de 576 expedientes nese exercicio, segundo información exposta na web municipal.

Por todo o anterior, o Pleno da Corporación ACORDA:

O Concello de Santiago porá en marcha a tarxeta cidadá para o pagamento e bonificación de servizos e axudas municipais, non limitándose aos obrigados tributarios senón ao conxunto dos empadroados en Santiago.

6. PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR PARA A CONEXIÓN DO PARQUE DE BELVÍS COA PORTA DO CAMIÑO, A REHABILITACIÓN DA PRAZA DO MATADOIRO E DAS TRASEIRAS DOS EDIFICIOS DA RÚA DE SAN PEDRO.

A presente proposición foi presentada con data 21 de xaneiro do corrente ano, número de rexistro 24, e ten o seguinte contido:

“O Grupo Municipal do Partido Popular, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, a seguinte PROPOSICIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A valgada de Belvís foi ata época relativamente recentes un espazo baleiro de hortas nas proximidades da Porta do Camiño e atravesado polo regato do Cancelón. Durante o século XVIII a praza onde se asentaba o vello matadoiro converteuse nun dos principais accesos ás hortas de Belvís.

Os sucesivos documentos de planeamento redactados ao longo da segunda metade do século pasado viñeron a poñer de relevo a importancia desde enclave natural, que acadaría un punto culminante coa Plan Parcial de Belvís aprobado ao abeiro do Plan Xeral de 1966. No ano 1984 o Concello leva a cabo un proceso de reforma do Plan Parcial de Belvís para anular a apertura dunha vía de acceso prevista a Belvís desde a Porta do Camiño, para permitir a construción por parte da Xunta de Galicia, nos terreos ocupados polo vello matadoiro municipal, dunha edificación destinada a albergar a “Casa da Xuventude”. O uso da finca foi cedido por 30 anos, despois dos que o inmovible revertería ao Concello.

O emprazamento e o deseño desta edificación foi durante anos motivo dunha controversia que se foi incrementando ao longo dos anos, incrementándose a medida que se achegaba o momento da reversión. O Consello Municipal de Relacións Veciñais chegou a formular o derrubo da Casa da Xuventude a mediados do ano 2008 para abrir un vial e desconxestionar a rúa de San Pedro. Un ano despois, no verán de 2009, o alcalde Bugallo propoñía a construción dun teleférico coa Cidade da Cultura, con dous ramais, un deles partindo desde o campo de fútbol de Belvís, coa mellora do acceso ata ese lugar desde a Praza do Matadoiro para o que contemplaba a derrubo da Casa da Xuventude.

Pero o principal punto de referencia do cuestionamento da Casa da Xuventude veu co taller de arquitectura e urbanismo “Compostela 2021. A Cidade Intuída” promovido polo Concello de Santiago entre setembro de 2010 e marzo de 2011, onde xurdiu a idea de derrubar o edificio da Praza do Matadoiro. O encontro de arquitectos, paisaxistas, técnicos municipais e representantes políticos, estaba ilustrado cunha imaxe de Alfonso Aramburu, na que se facía unha recreación virtual de cómo quedaría a Praza do Matadoiro se desaparecese o edificio da Casa da Xuventude.

O Partido Popular, que había tempo que viña propoñendo a desaparición da Casa da Xuventude, tiña incluído o derrubo do edificio e a integración do Parque de Belvís no programa electoral co que concorreu a diversas eleccións municipais. Tamén o partido socialista comprometía este asunto no seu programa electoral de 2011, cando baixo un epígrafe de “enriquecer a cidade con novos espazos públicos”, recollía: “impulsaremos a reforma da Praza do Matadoiro, facilitando un acceso directo ao Parque de Belvís, eliminando a actual Casa de Xuventude, ocupada actualmente por dependencias da Xunta de Galicia”.

No Pleno Municipal de novembro de 2011, apoiándose naquel encontro de urbanismo celebrado meses antes, o BNG presentaba unha proposición para a “conexión do Parque de Belvís coa Porta do Camiño mediante o derrubo do edificio que alberga a Casa da Xuventude”. Na defensa da súa iniciativa Rubén Cela, por parte do BNG, afirmaba sobre a proposta do derrubo que “a melloría é a todas luces simplemente espectacular,

tanto pola mellora do entorno, como pola posibilidade de abrir o parque de Belvís á cidade”. Esta proposta, de feito, tamén formaba parte do programa electoral do BNG nas eleccións de 2011. No mesmo debate, a representante socialista, Mercedes Rosón, lembraba que a idea xa fora proposta había catro anos polo daquela presidente do Consorcio, Sánchez Bugallo, e que as imaxes de Aramburu foran elaboradas precisamente por encargo do Consorcio. Despois de lembrar tamén o antecedente do seu goberno para o plan do teleférico, Rosón manifestou o seu acordo coa proposta do BNG afirmando que “o edificio non é acertado, ten un volume excesivo e o tratamento da traseira é malísimo”, polo que propoñía “impulsar en paralelo un plan de mellora urbana das traseiras da rúa de San Pedro”.

A proposta de derrubo do BNG contou coa unanimidade de todos os partidos presentes na Corporación (PSOE, BNG e PP) e conforme a esa unanimidade o Goberno do Partido Popular iniciou naquel mesmo mandato os pasos para o derrubo de edificio e a apertura do Parque de Belvís á Porta do Camiño, chegando a aprobar nunha Xunta de Goberno de marzo de 2015 un contrato para a demolición da Casa da Xuventude, que serían completados posteriormente cos traballos de reurbanización da parcela, xa contratados e un proxecto piloto para o soterramento de instalacións, eliminando os cables aéreos e cunha nova iluminación pública.

A chegada dun novo Goberno de Compostela Aberta en 2015 supuxo a paralización desta actuación, que fora obxecto por parte desta formación dunha intensa campaña electoral na súa contra, a pesar de que persoas da súa órbita criticaron esta postura. O novo Goberno tratou de encher de contidos a vella edificación, cunha discutible e discutida actitude nas formas e nos contidos, permitindo un uso arbitrario e pouco transparente dunha propiedade pública, mentres o Concello asumía gastos e investimentos no edificio.

Co cambio de Goberno en 2019, todo parecía indicar que aquel acordo unánime da Corporación, que fora desprezado polo Goberno anterior, podería ser recuperado, posto que os grupos que o apoiaran suman unha maioría ampla para levalo adiante. Con todo, o proxecto de orzamentos para o ano 2020 elaborado polo goberno socialista inclúe unha partida de 200.000 euros para recuperar aquel edificio rexeitado no seu día por todos os grupos da Corporación, incluído o socialista.

Por iso, tendo en conta que o edificio non reúne uns mínimo requisitos estéticos, a súa situación estrutural e funcional, a existencia de varios edificios públicos e municipais nas proximidades susceptibles de albergar un uso social e cultural e, sobre todo, pola necesidade de conectar e integrar o Parque de Belvís coa Porta do Camiño e coa Cidade Histórica cun tratamento urbanisticamente enriquecedor que contemple a mellora das traseiras das edificacións da rúa de San Pedro, o Grupo Municipal Popular propón a adopción do seguinte

ACORDO

Que por parte do correspondente órgano do Concello de Santiago se dean os pasos necesarios para:

1. Facer efectivo o acordo unánime do Pleno do 24 de novembro de 2011 para conectar o parque de Belvís coa Porta do Camiño mediante o derrubo do edificio que alberga a Casa da Xuventude. Para iso, o Concello de Santiago presentará un calendario de actuacións coa programación prevista para a execución desta obra.

2. Iniciar, coa participación do Consorcio de Santiago, un plan de actuacións para rehabilitar o contorno da Praza do Matadoiro e impulsar en paralelo un plan de mellora urbana das traseiras da rúa de San Pedro.”

Xa que logo, o Pleno da Corporación por 8 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as do grupo municipal do Partido Popular, 15 votos en contra correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais do PSdeG-PSOE e CA (10 PSdeG-PSOE e 5 CA) e 2 abstencións das concelleiras do BNG, polo que queda rexeitada a devandita proposición.

7. PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR SOBRE O ESTUDO DA ASUNCIÓN DA XESTIÓN PÚBLICA NOS APARCADOIROS SUBTERRÁNEOS DAS PRAZAS DE GALICIA E DE VIGO.

Presentouse con data 21 de xaneiro do corrente ano, núm. de rexistro 25 a proposición do epígrafe, co seguinte contido:

“O Grupo Municipal do Partido Popular, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, a seguinte PROPOSICIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O centro da cidade ten, desde hai anos, un indubidable problema de aparcamento que afecta a comerciantes e usuarios do pequeno comercio, traballadores e residentes, problema que se pode agravar pola presión turística ou pola necesaria humanización das rúas.

Unha maioría de cidadáns reclama aparcamentos públicos a prezos accesibles. Desde hai anos propúxose a construción dun aparcamento no Campus Sur, unha idea compartida por varios grupos da Corporación e sobre o que o Partido Popular mesmo deixou un anteproxecto definido e cuantificado. Un proxecto que se atopa a disposición do Goberno para que poida tomar conciencia desa posibilidade, que consideramos

necesaria e viable. Pero entendemos que pode haber outras alternativas máis inmediatas no tempo, máis céntricas, máis funcionais e cunha relación custo-beneficio que podería ser asumible.

A alternativa que propón o Partido Popular a través desta iniciativa consiste en que o Concello inicie o estudo da posibilidade de poñer remate á explotación privada do aparcadoiro da Praza de Galicia, preferentemente (e sen menoscabo de valorar tamén, co máximo interese, a posibilidade de agardar ao remate da concesión para acometer a unha mellor integración urbana do Ensanche e da Cidade Histórica), ou do da Praza de Vigo, pasando a xestionar directamente a instalación a fin de ofrecer prazas con prezos públicos alcanzables e con prioridade comercial, laboral e residencial; trataríase, pois, dunha alternativa pensada especialmente para os santiagueses de feito e de dereito (os turistas terían outras opcións), de forma que esa orientación contribuiría tamén a aliviar a presión dos vehículos turísticos sobre o centro da cidade.

Como é obvio, en principio existe unha empresa concesionaria cun dereito a explotar cada un destes aparcadoiros ata o ano 2025 e para liquidar ese contrato, ademais de acreditar o interese público da operación -se non hai acordo- habería que compensar ao empresario, fundamentalmente polos beneficios futuros que deixará de percibir.

O que propoñemos é coñecer si esa cifra é asumible e menor que a construción dunha nova área de estacionamento (tendo en conta que o maior problema non semella ser a oferta de prazas como o prezo das mesmas), sen menoscabo da obriga do concello de ofrecer aparcadoiros e prazas públicas acordes coa demanda existente. A operación sen dúbida sería inabordable se restasen moitos anos de concesión, pero en ambos caso que citamos apenas quedan cinco anos. Entendemos que anticipar a reversión sería unha opción para evitar un maior declive do pequeno comercio e asegurar canto antes unha reserva de aparcamento para os sectores comercial, laboral e residencial, antes que aumente a presión turística de cara ao Xacobeo 2021.

Por todo o anterior, proponse a adopción polo Pleno Municipal do seguinte

ACORDO

Que por parte do correspondente órgano do Concello se proceda a cuantificar a indemnización que, en caso de rescate, lle correspondería aos concesionarios dos aparcadoiros públicos da Praza de Galicia e da Praza de Vigo, como paso previo a acreditar, se fose o caso, o interese público da operación e que a xestión pública sería máis sostible, eficiente e eficaz que a xestión indirecta.”

Rematado o debate, o Pleno da Corporación por 15 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais do Partido Popular, de Compostela Aberta e do

BNG (8 PP, 5 CA e 2 BNG), e 10 votos en contra correspondentes aos concelleiros/as do grupo municipal do PSdeG-PSOE, acorda que por parte do correspondente órgano do concello se proceda a cuantificar a indemnización que, en caso de rescate, lle correspondería aos concesionarios dos aparcadoiros públicos da Praza de Galicia e da Praza de Vigo, como paso previo a acreditar, se fose o caso, o interese público da operación e que a xestión pública sería máis sostible, eficiente e eficaz que a xestión indirecta.

8. PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE COMPOSTELA ABERTA PARA A PROTECCIÓN DO PEQUENO COMERCIO NA CIDADE VELLA DE SANTIAGO.

O día 21 de xaneiro do corrente ano e co número de rexistro 26, presentouse a proposición do epígrafe, co seguinte contido:

“O Grupo Municipal de Compostela Aberta, ao abeiro do regulamento orgánico municipal do Concello de Santiago, presenta a seguinte proposición para o seu debate no Pleno. O proxecto do acordo procura impulsar unha serie de medidas que fomenten a protección do pequeno comercio e do comercio tradicional na zona histórica de Santiago de Compostela.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Santiago de Compostela sempre foi unha capital comercial de primeira magnitude, unha urbe que exerce como polo de atracción dunha ampla zona de influencia que sempre foi alén dos límites do noso termo municipal. E neste papel tradicional e histórico de Compostela como capital comercial, a zona vella ten sido o espazo urbano onde se instalou un tecido comercial que, de sempre, fornecía ao conxunto dos habitantes da cidade e contorna. Nas últimas décadas a riqueza que significaba esta rede comercial de proximidade viuse afectada por diferentes factores externos como a aparición dos centros comerciais e as novas tecnoloxías. Un contexto xeral que no caso do comercio da Cidade Vella, ámbito PE-1, vese agravado pola desvantaxe engadida provocada pola presión do turismo e das tendas de *souvenirs* para turistas.

Un tipo de establecemento que proliferaron nas últimas décadas e que contribúen para a degradación urbana e estética dalgunhas das rúas e prazas máis senlleiras da Compostela Vella como as de San Francisco, Carretas, Acibecharía, do Franco, Rúa Nova ou a do Vilar. Degradación estética que homoxeiniza a nosa cidade con calquera outra do mundo, onde tendas case iguais venden os mesmos produtos *Made in China* só mudando o nome do destino que levan gravados. Un tipo de establecemento, que en definitiva, pon en perigo a nosa singularidade como cidade Patrimonio da Humanidade e que ademais funciona como axente inmobiliario especulativo imposibilitando a fixación de poboación e impedindo o asentamento de novo comercio tradicional e

substituíndo ao comercio e servizos do barrio. Un bo exemplo pode ser a Rúa da Acibecharía que debe o seu nome ao comercio tradicional do acibeche e que hoxe está saturada de tendas de *souvenirs* ou outras orientadas ao turismo, con casos tan recentes como o do desaparecido Supermercado Dubrés.

Co obxectivo de facer fronte a esta situación, o Concello de Santiago deber seguir apostando por medidas que axuden á sustentabilidade e continuidade dos pequenos comercios, de proximidade e de calidade, que é o que fai que as rúas da cidade teñan máis vida, que sexamos singulares, e que se poida fixar poboación. Compre que implementemos medidas correctoras e reguladoras das dinámicas provocadas polo turismo e a presión inmobiliaria e comercial derivadas desta actividade. Necesitamos impulsar medidas que protexan ao noso comercio tradicional e de proximidade, que sexan revitalizadoras e que promovan a súa diversidade tal e como propón o “Plan estratéxico do comercio do Concello de Santiago de Compostela 2017-2021” nas súas liñas específicas para a protección do comercio histórico, singular e emblemático e o fomento do produto propio, autóctono e local.

Neste sentido, é imprescindible deseñar e impulsar un Plan de Dinamización que protexa o comercio histórico como patrimonio cultural propio e orixinal de Santiago, que promova a continuidade dos comercios de proximidade que abastecen á poboación local e permiten fixar nova veciñanza, que favoreza os establecementos con valor sociocultural e iniciativas singulares que enriquecen a nosa zona histórica e que regule os comercios e tendas de *souvenirs* fuxindo do empobrecemento da diversidade, da banalización e da homoxeneización. Obxectivos ambiciosos que só poden tentar acadarse a partir da aprobación dunha ordenanza reguladora que, entre outras medidas, estableza e delimite áreas saturadas deste tipo de comercios para turistas, así como do establecemento dun observatorio que permita acompañar a evolución do comercio en todo o ámbito. Un Plan de Dinamización que, ademais de regular e ordenar, tamén inclúa outras medidas de promoción e visualización do comercio da zona histórica de Compostela. Que sexa facilitador para a súa adaptación aos paradigmas e demandas actuais, que aproveite sinerxías e oportunidades, que catalogue e transparente o seu valor e que, en definitiva, estimule a compra neste tipo de establecementos.

Por todo isto, e para establecer as medidas que favorezan a protección e revitalización do comercio tradicional e de proximidade na Cidade Vella de Santiago, o Grupo Municipal de Compostela Aberta presenta á consideración do Pleno o seguinte:

ACORDO:

O Pleno insta ao correspondente órgano do Concello de Santiago a:

1. Decretar unha moratoria na abertura de tendas de *souvenirs* para turistas no ámbito do Plan Especial da Cidade Histórica PE-1.

2. Iniciar a tramitación dunha Ordenanza reguladora para a protección do comercio tradicional e de proximidade da zona vella, de acordo co “Plan estratéxico do comercio do Concello de Santiago de Compostela 2017-2021”, e trabar o impacto negativo das tendas de *souvenirs* a través da declaración de áreas saturadas deste tipo de comercios.

3. Impulsar un Plan de Dinamización do comercio na Cidade Vella de Santiago que favoreza o comercio local tradicional e de proximidade con medidas de discriminación positiva que o promovan e sirvan para a abertura de novos establecementos deste tipo.

4. Crear un Observatorio do Comercio da Cidade Vella de Santiago que permita un mellor coñecemento e acompañamento destes establecementos comerciais, de xeito rigoroso e sistemático favorecendo o deseño de políticas públicas futuras que garantan a súa preservación e diversidade.”

A anterior proposición presentou emenda de adición o BNG, con data 21 de xaneiro seguinte e número de rexistro 26.

Así mesmo, presenta emenda “in voce” o señor alcalde.

Xa que logo, a vista das emendas presentadas e unha vez incorporadas ao acordo, o Pleno da Corporación por unanimidade de todos/as concelleiros e concelleiras, acorda instar ao correspondente órgano do Concello de Santiago a:

1. Estudar unha moratoria na abertura de tendas de *souvenirs* para turistas no ámbito do Plan Especial da Cidade Histórica PE-1.

2. Iniciar a tramitación dunha Ordenanza reguladora para a protección do comercio tradicional e de proximidade da zona vella e de protección e conservación do abastecemento de proximidade, de acordo co “Plan estratéxico do comercio do Concello de Santiago de Compostela 2017-2021”, e trabar o impacto negativo das tendas de *souvenirs* a través da declaración de áreas saturadas deste tipo de comercios.

3. Impulsar un Plan de Dinamización do comercio na Cidade Vella de Santiago que favoreza o comercio local tradicional e de proximidade con medidas de discriminación positiva que o promovan e sirvan para a abertura de novos establecementos deste tipo.

4. Crear un Observatorio do Comercio do Concello de Santiago que permita un mellor coñecemento e acompañamento destes establecementos comerciais, de xeito rigoroso e sistemático favorecendo o deseño de políticas públicas futuras que garantan a súa preservación e diversidade.

9. DAR CONTA DE ESCRITO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR DE CAMBIO DE MEMBROS EN DISTINTAS COMISIÓNS.

Dáse conta ao pleno de escritos do Partido Popular, de modificación de membros nas seguintes comisións:

Comisión informativa de urbanismo, infraestruturas, vivenda, medio ambiente, medio rural e servizos:

Baixa: José Antonio Constenla Ramos.

Alta: María Castelao Torres.

Comisión informativa de presidencia, réxime interior, modernización da administración, facenda e especial de contas:

Baixa: José Antonio Constenla Ramos.

Alta: María Castelao Torres.

Comisión especial de suxestións e reclamacións:

Baixa: Ramón de Jesús Quiroga Limia.

Alta: Evaristo Ben Otero.

10. DAR CONTA DE ESCRITOS DOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS DESIGNANDO REPRESENTANTES NA COMISIÓN ESPECIAL DE “PELETEIRO”.

Na sesión plenaria ordinaria do día 19 de decembro de 2019, acordouse a creación da comisión de carácter especial, para o desenvolvemento urbanístico da parcela do antigo Colexio Peleteiro, e a tal fin os grupos políticos municipais designaron os seguintes membros:

BNG: Dna. Goretti Sanmartín Rei e Dna. Navia Rivas de Castro.

CA: D. Martiño Noriega Sánchez e D. Jorge Duarte Vázquez.

PP: D. Alejandro Sánchez-Brunete Varela, D. Ramón de Jesús Quiroga Limia.

PSdeG-PSOE: D. Gumersindo Guinarte Cabada e Dna. Mercedes Rosón Ferreiro.

11. DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DE PRÓRROGA DO ORZAMENTO DO CONCELLO E DO AUDITORIO DO ANO 2019 PARA O 2020.

O Pleno da Corporación toma coñecemento de resolucións de data 27 de decembro de 2019, de prórroga dos orzamentos do concello e do auditorio do ano 2019 para o 2020.

12. DAR CONTA DA ELEVACIÓN Á APROBACIÓN DEFINITIVA DO REGULAMENTO DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DA ASESORÍA XURÍDICA.

O Pleno da Corporación toma coñecemento da elevación á aprobación definitiva do Regulamento de Organización e Funcionamento da Asesoría Xurídica, cuxo texto íntegro foi publicado no Boletín Oficial da Provincia do día 15 de xaneiro de 2020.

13. DAR CONTA DA ELEVACIÓN Á APROBACIÓN DEFINITIVA DA MODIFICACIÓN DE ORDENANZAS FISCAIS.

O Pleno da Corporación toma coñecemento da providencia de data 19 de decembro pasado, de elevación á aprobación definitiva da modificación de ordenanzas fiscais.

14. DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA, DAS CONCELLARÍAS DELEGADAS E ACORDOS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL.

Dáse conta das resolucións da alcaldía e das concellarías delegadas dende o 7 ao 26 de novembro de 2019 (8101 ao 8664).

Así mesmo, tamén se da conta das seguintes actas de Xunta de Goberno:

- Acta núm. 76 correspondente á sesión ordinaria do día 2/12/19.
- Acta núm. 77 correspondente á sesión extraordinaria urxente do día 4/12/19.
- Acta núm. 78 correspondente á sesión ordinaria do día 9/12/19.
- Acta núm. 79 correspondente á sesión extraordinaria urxente do día 10/12/19.
- Acta núm. 80 correspondente á sesión ordinaria do día 16/12/19.
- Acta núm. 81 correspondente á sesión extraordinaria urxente do día 19/12/19.
- Acta núm. 82 correspondente á sesión ordinaria 23/12/19.
- Acta núm. 83 correspondente á sesión extraordinaria urxente do día 26/12/19.

15. ROGOS, PREGUNTAS E INTERPELACIÓNS.

Rogos:

- Do grupo municipal do BNG, de data 16 de xaneiro de 2019, núm. 12.
- Do grupo municipal do BNG, de data 16 de xaneiro de 2020, núm. 13.
- Do grupo municipal do BNG, de data 16 de xaneiro de 2020, núm. 14.
- Do grupo municipal de CA, de data 17 de xaneiro de 2020, núm. 18.
- Do grupo municipal do PP, de data 22 de xaneiro de 2020, núm. 31.
- Do grupo municipal do PP, de data 22 de xaneiro de 2020, núm. 32.
- Do grupo municipal do PP, de data 22 de xaneiro de 2020, núm. 33.
- Do grupo municipal de CA, de data 22 de xaneiro de 2020, núm. 44.

Do grupo municipal de CA, de data 22 de xaneiro de 2020, núm. 45.

Preguntas resposta oral:

Do grupo municipal de CA, de data 22 de novembro de 2019, núm. 281.

Do grupo municipal do BNG, de data 15 de xaneiro de 2020, núm. 11.

Do grupo municipal do BNG, de data 21 de xaneiro de 2020, núm. 22.

Do grupo municipal do PP, de data 22 de xaneiro de 2020, núm. 34.

Do grupo municipal do PP, de data 22 de xaneiro de 2020, núm. 35.

Do grupo municipal do PP, de data 22 de xaneiro de 2020, núm. 36.

Do grupo municipal de CA, de data 22 de xaneiro de 2020, núm. 38.

Do grupo municipal de CA, de data 22 de xaneiro de 2020, núm. 41.

Do grupo municipal de CA, de data 22 de xaneiro de 2020, núm. 42.

Preguntas resposta escrita:

Do grupo municipal de CA, de data 9 de xaneiro de 2020, núm. 8.

Do grupo municipal do BNG, de data 21 de xaneiro de 2020, núm. 23.

Interpelación:

Do grupo municipal do PP, de data 22 de xaneiro de 2020, núm. 30.

Unha vez rematado o debate sobre os rogos, interrómtese a sesión cando son as 20:10 horas, e reiniciase as 20:37 horas, incorporándose a mesma a totalidade dos membros da Corporación, agás o señor interventor.

16. TOMA EN CONSIDERACIÓN DE MOCIÓNS PRESENTADAS POLOS GRUPOS MUNICIPAIS:

1. Rexistro de entrada do día 13 de xaneiro de 2020, núm. 10, presentada polo grupo municipal do BNG, para a mellora da sanidade pública.
2. Rexistro de entrada do día 17 de xaneiro de 2020, núm. 15, presentada polo grupo municipal do BNG, para recuperar o patrimonio galego que se encontra no Museo Arqueolóxico Nacional.
3. Rexistro de entrada do día 17 de xaneiro de 2020, núm. 16, presentada polo grupo municipal de CA, para planificar estratexicamente a rede municipal de bibliotecas José Saramago.
4. Rexistro de entrada do día 21 de xaneiro de 2020, núm. 19, presentada polo grupo municipal do BNG, para a celebración do día de Rosalía.
5. Rexistro de entrada do día 22 de xaneiro de 2020, núm. 28, presentada polo grupo municipal do Partido Popular, para unha acción coordinada que contribúa a regular os fluxos turísticos no contorno da Catedral.

6. Rexistro de entrada do día 22 de xaneiro de 2020, núm. 29, presentada polo grupo municipal do Partido Popular, para a recuperación do apoio ao Consorcio nos orzamentos do estado para 2020.
7. Rexistro de entrada do día 22 de xaneiro de 2020, núm. 37, presentada polo grupo municipal de CA, para instar ao Ministerio de Transporte, Mobilidade e Axenda Urbana a realizar actuacións urxentes para o equilibrio territorial e pendentes en Santiago de Compostela.
8. Rexistro de entrada do día 22 de xaneiro de 2020, núm. 39, presentada polo grupo municipal do BNG, para divulgar o legado de Isaac Díaz Pardo no centenario do seu nacemento.
9. Rexistro de entrada do día 22 de xaneiro de 2020, núm. 40, presentada polo grupo municipal do Partido Popular, para instar ao goberno do estado a aboar a débeda pendente con Galicia.
10. Rexistro de entrada do día 22 de xaneiro de 2020, núm. 43, presentada polo grupo municipal de CA, para construír unha nova piscina municipal cuberta en Santa Marta.

Os textos das mocións presentadas transcríbense a continuación:

MOCIÓN PARA A MELLORA DA SANIDADE PÚBLICA

O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción para o seu debate en Pleno para a mellora da sanidade pública.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Corporación municipal do Concello de Santiago está preocupada pola situación e perspectivas da sanidade pública tanto do noso concello como da Área de Saúde á que pertencemos, como consecuencia da política sanitaria da Xunta de Galicia, presidida por Feijóo, baseada nos recortes de recursos, no desmantelamento de hospitais comarcais, no abandono dos Centros de Atención Primaria, na ocultación e manipulación das listas de espera, na precarización e explotación do persoal e na privatización. Estas políticas levan a sanidade pública a un punto de difícil retorno.

As protestas dos Centros de Saúde, o levantamento da poboación de Verín contra o peche da sala de partos do seu hospital e as protestas de nais e pais contra a falta de pediatras son algunhas das manifestacións do malestar cidadán fronte a esta crise sanitaria.

Cremos que estamos ante un momento importante para a nosa cidade, en que a Corporación municipal como representantes do conxunto da cidadanía, indistintamente da forza política á que pertenzan os seus membros, deberíamos traballar conxuntamente para que en Santiago de Compostela se poida dispor duns servizos sanitarios públicos

de calidade. Non se pode nin se debe admitir a deterioración do noso sistema polos recortes e privatizacións do Sistema Sanitario Público

Os municipios da Área de Saúde de Santiago de Compostela necesitan uns servizos públicos de sanidade acordes co desenvolvemento social, cultural e democrático dos tempos actuais.

Por estes motivos, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

PRIMEIRO. Apoiar a manifestación convocada por SOS Sanidade Pública, o vindeiro 9 de febreiro en Compostela.

SEGUNDO. Demandar ao Goberno galego a adecuación dos orzamentos da Consellaría de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde ás necesidades reais do nosos Centros de Saúde e dotalos do persoal necesario para garantir una atención accesíbel e de calidade.

TERCEIRO. Esixir o cese da política de desmantelamento e peche de servizos nos hospitais da nosa área.

CUARTO. Revisar os concertos cos hospitais e clínicas privadas e eliminar aqueles que non sexan necesarios, tal como dispón a Lei Xeral de Sanidade.

QUINTO. Reducir as listas de espera e tempos de demora das consultas de atención especializada, probas diagnósticas, cirurxía e procedementos terapéuticos. Publicar as listas de espera ocultas e acabar coa súa manipulación.

SEXTO. Paliar a carencia de recursos públicos sociosanitarios da área sanitaria, actualmente moi insuficientes, dadas as características de idade da nosa poboación.

SÉTIMO. Acabar coa política de privatizacións de recursos e de derivar pacientes as clínicas privadas de xeito innecesario.

OITAVO. Desenvolver un Plan de Mellora da Atención Primaria, da Saúde Mental e de Atención á Saúde das Mulleres.

NOVENO. Acabar coa política de persoal dos servizos de saúde baseada na precariedade e na explotación laboral.

DÉCIMO. Comunicar a presente moción da Corporación Municipal de Santiago de Compostela á Consellaría de Sanidade, ao conxunto da poboación e dar, cos medios posíbeis para o Concello, a máxima difusión ao seu contido.

MOCIÓN PARA RECUPERAR O PATRIMONIO GALEGO QUE SE ENCONTRA NO MUSEO ARQUEOLÓGICO NACIONAL

O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción para o seu debate en Pleno destinada á recuperación de esculturas da Catedral de Santiago de Compostela, do Mosteiro de San Paio de Antealtares e do Convento de Santa Clara, así como outras pezas de gran valor patrimonial para Galiza, que se encontran no *Museo Arqueológico Nacional* de Madrid.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Esculturas do obradoiro do Mestre Mateo da Catedral de Santiago de Compostela, columnas do Mosteiro de San Paio de Antealtares e unha porta dun sagrario do Convento de Santa Clara, ademais dunha colección de torques de gran valor patrimonial, son algunhas das máis de 30 pezas que se atopan na colección do *Museo Arqueológico Nacional* dependente do Ministerio de Cultura do Goberno de España.

Este patrimonio histórico artístico do pobo galego que está depositado en Madrid é froito dun proceso de espolio que se produciu durante anos por parte do Estado. Esta demanda para a súa recuperación parte dun movemento que reclama que pezas usurpadas tempo atrás sexan rescatadas e exhibidas nos lugares de orixe. Así, a vía natural para conseguir este patrimonio galego debe ser pola propia vontade política, xa que está en mans dunha institución do Estado.

En concreto, no caso destes bens de Compostela, trátase de dúas esculturas realizadas no obradoiro do Mestre Mateo e pertencentes á Catedral: unha de Santiago o Menor que formou parte do coro da basílica e outra de san Bartolomeu. Destacan tamén na colección dese museo dúas columnas do conxunto escultórico de San Paio de Antealtares do século XII -con imaxes dos apóstolos san Paulo, san Pedro e santo André; e de Santiago o Maior, san Bartolomeu e san Mateu- ou mesmo unha porta de sagrario do convento de Santa Clara de estilo barroco con placas de marfil de época románica.

Ademais, un importante conxunto de torques de gran valor que teñen como lugares de referencia Sobrado dos Monxes, Betanzos, A Coruña, Ortigueira, Cospeito ou Ribadeo forman parte da sección "Protohistoria y Colonizaciones" deste centro público situado en Madrid. Tamén se atopan ferramentas da Idade do Bronce procedentes de distintos lugares do territorio galego, pezas históricas de cerámica da fábrica de Sargadelos e outras obras do románico.

Por estes motivos, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte



ACORDO

Demandar do Goberno do Estado a devolución do patrimonio galego que se exhibe no *Museo Arqueolóxico Nacional* do Ministerio de Cultura, entre o que se encontran pezas do obradoiro do Mestre Mateo pertencentes á Catedral de Santiago de Compostela, do Mosteiro de San Paio de Antealtares e do Convento de Santa Clara.

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE COMPOSTELA ABERTA PARA PLANIFICAR ESTRATEXICAMENTE A REDE MUNICIPAL DE BIBLIOTECAS JOSÉ SARAMAGO

O Grupo Municipal de Compostela Aberta, ao abeiro do regulamento orgánico municipal do Concello de Santiago, presenta a seguinte moción para o seu debate no Pleno.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Os Centros Cívicos constitúen unha ampla rede que supón a presenza do Concello nos barrios e parroquias. Por esa razón, deben ofrecerse á cidadanía como un recurso para o tempo libre e o lecer, buscando a participación da sociedade no seu funcionamento. Cada un dos centros e a poboación á cal serven son diferentes e con características propias. Por iso, o programa dos centros ten que identificarse cos seus ámbitos de influencia, adaptándose á demanda das persoas usuarias. É necesario que a Rede participe dun xeito activo na vida dos barrios, que os centros “saian á rúa” e que “a rúa entre” nos centros.

A participación debería incrementar a súa operatividade na Rede de Bibliotecas José Saramago nos barrios de Vite, Fontiñas, Conxo e Santa Marta e irradiar actividades, ademais dos puntos de préstamo, cara outros centros e locais da Rede. Entre os novos usos que proxectan como exemplos de boas prácticas para actualizar os usos das bibliotecas municipais destaca a recollida e garda de documentos que divulguen o patrimonio oral a través de procesos de participación activa da memoria oral das comunidades.

A situación das bibliotecas na cidade podemos consultala no primeiro Informe Anual da Cultura en Santiago. Atopamos 23 puntos de servizo, dos que 18 pertencen a USC e 5 forman parte das Bibliotecas Públicas de Galicia, e nestes é onde atopa o seu lugar a Rede Municipal de Bibliotecas Públicas José Saramago. Na páxina 28 deste informe recóllese unha interesante reflexión sobre os datos das bibliotecas públicas da capital: “Quizais sexa a presenza secular da Universidade un dos factores que explique o escaso investimento histórico en bibliotecas públicas na capital de Galicia. As cifras da Rede de Bibliotecas Públicas están en Santiago moi lonxe das que acadan as outras cidades da provincia como Coruña e Ferrol”.

O decembro pasado coñeciamos as estatísticas actualizadas sobre bibliotecas do INE que nos obrigaron a atender a un dato: Galicia foi a comunidade autónoma na que máis bibliotecas pecharon durante a última década. Desapareceron 74 bibliotecas e 76 puntos de servizo por distintas causas entre as que destacan o despoboamento, o envellecemento e a perda do servizo nos concellos de menos de 5000 habitantes, non obrigados pola Lei de bases de réxime local a manter aberta unha biblioteca pública. Ademais nas bibliotecas que permanecen abertas descenderon no mesmo período as horas de apertura, o número de persoas que compoñen os cadros de persoal e tamén as partidas para novas adquisicións.

Mais o número de persoas inscritas e os préstamos incrementáronse durante os anos de crise e posterior depresión, o cruzamento entre datos activa unha necesidade de desenvolver unha diagnose DAFO e análise CAME sobre a situación e reactivación destes espazos que representan o máis básico do dereito á cultura.

As bibliotecas son lugares para pensar unha democratización fonda da cultura non só desde a opción do acceso senón dende un ámbito de participación das comunidades na produción cultural, é dicir, desde a planificación ata a avaliación do servizo das bibliotecas, cun obxectivo a destacar: crear comunidades de coñecemento arredor das bibliotecas municipais que deberán recuperar a centralidade na vida cultural nos municipios e obter un tratamento específico no agardado Pacto pola lectura.

A Lei 5/2016, de 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia no seu título V fala do patrimonio cultural inmaterial e distingue no seu artigo 9 os bens de patrimonio cultural inmaterial entre os que en primeiro lugar atopamos a lingua como vehículo do patrimonio inmaterial, as tradicións e expresións orais, a toponimia, os usos sociais, rituais, cerimoniais e actos festivos.

A reactivación das bibliotecas municipais de Compostela debe atender ao contexto social e a construír novas posibilidades alternativas co obxectivo de recuperar a memoria das comunidades dos barrios e parroquias e activar o seu legado oral cara o futuro. Dende Compostela Aberta consideramos que as bibliotecas municipais son lugares axeitados para activar a memoria da xente a través de procesos de participación para construír unha acción cultural cohesionada na cidade o seu territorio rural.

E polo anterior que traemos a debate plenario este acordo pola democratización da cultura que pon o foco nas bibliotecas municipais e no patrimonio oral de Santiago de Compostela, entón propoñemos o seguinte

ACORDO:

1. Instar á Xunta de Galicia a desenvolver unha liña de atención urxente ás bibliotecas municipais que posibilite a recuperación, permanencia e reactivación dos espazos



municipais dedicados ao fomento do libro e lectura que atenda a recoller e divulgar a memoria do patrimonio oral das cidades, vilas e pobos de toda Galicia.

2. Instar ao órgano de goberno competente do Concello de Santiago a elaborar un informe que posibilite a planificación estratéxica da Rede Municipal de Bibliotecas José Saramago no que se inclúa un apartado específico que propoña un proceso de recuperación, recollida, dixitalización e arquivo da memoria oral das parroquias e barrios de Compostela.

MOCIÓN PARA A CELEBRACIÓN DO DÍA DE ROSALÍA

O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción para o seu debate en Pleno para a celebración do Día de Rosalía de Castro de 2020.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 24 de febreiro celébrase o Día de Rosalía de Castro co obxecto de difundir a obra, o pensamento e o impulso ao idioma galego que supuxo a recuperación do uso literario por parte da escritora galega máis universal.

Ademais da organización de actividades destinadas á veciñanza e alumnado de centros escolares mediante lecturas públicas da súa obra, faise necesario sinalizar un roteiro da súa vinculación con Santiago de Compostela para dar a coñecer os lugares onde viviu, traballou e tivo significada presenza Rosalía de Castro.

A Casa de Rosalía en Padrón, sostida pola Fundación Rosalía de Castro, é unha entidade privada sen ánimo de lucro que foi creada en 1947 por persoas vinculadas ao galeguismo. A colaboración económica de familias, empresas e institucións de todo o país e da emigración galega fixeron posíbel a apertura da Casa-Museo en 1972. Na actualidade, están nun proceso de adhesións na procura de financiamento para ofrecer un mellor servizo de difusión do legado de Rosalía de Castro coas figuras de voluntariado, amizade, protectorado e mecenado. Este 24 de febreiro é unha boa ocasión para colaborar e estreitar lazos da Corporación municipal compostelá con esta entidade.

Outra das accións que debe realizar o Concello de Santiago é a restauración da escultura en homenaxe a Rosalía de Castro que se atopa no parque da Alameda de Santiago de Compostela, erixida en 1917 por subscripción popular. Ademais de insistir na necesidade de limpeza da obra, con métodos non agresivos para evitar danar a pedra de Novelda e o mármore de Carrara cos que foi realizado o monumento, pódese apreciar que ten algunha parte fragmentada que urxe reparar e frear a súa deterioración.



Por estes motivos, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

1. O Concello de Santiago de Compostela, ademais das actividades de lectura pública da obra de Rosalía de Castro este 24 de febreiro, sinalizará un roteiro de xeito permanente nos lugares máis destacados da traxectoria vital e profesional da escritora con información da súa vinculación á cidade.
2. O Concello de Santiago de Compostela farase entidade protectora ou mecenas da Casa de Rosalía de Castro.
3. O Concello de Santiago de Compostela procederá á restauración e limpeza da escultura de Rosalía de Castro situada na alameda.

MOCIÓN PARA UNHA ACCIÓN COORDINADA QUE CONTRIBÚA A REGULAR OS FLUXOS TURÍSTICOS NO CONTORNO DA CATEDRAL

O **Grupo Municipal do Partido Popular**, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, a seguinte **MOCIÓN**:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nun contexto de aumento da demanda turística ligada ao patrimonio cultural, os conxuntos monumentais en xeral enfróntanse a varios retos, os máis importantes, a xestión responsable e sostible das actividades relacionadas co lecer e o turismo e garantir que esa actividade turística non prexudique a vida cotiá da veciñanza.

Nos denominados destinos "maduros", como é o caso de Santiago, a alta afluencia de visitantes, en especial nun Ano Santo, pode suscitar problemas de saturación concentrados espacial e temporalmente na contorna da Catedral. Os estudos sobre a capacidade de acollida turística dos espazos singulares constitúen un instrumento útil de cara á planificación e xestión da visita pública. Trátase de minimizar os impactos que a afluencia masiva de visitantes poida ter sobre o patrimonio e sobre a calidade da súa "experiencia" e de xeito especial tamén sobre a vida dos veciños que comparten eses espazos.

Segundo o modelo actual de xestión da afluencia de visitante, a capacidade de acollida máxima da Catedral establécese en 800 (número máximo de persoas que pode haber á vez no seu interior). Así mesmo o número de grupos que poden visitala cada día está limitado a 10 grupos de 50 persoas, cunha duración máxima de 50 minutos.



Se analizamos a afluencia respecto ao aforo establecido a nivel diario pódese apreciar como os momentos de saturación (colas para acceder á Catedral) do espazo son na actualidade puntuais aínda que numerosos, pero coa celebración do Ano Santo será a tónica habitual. Isto producirá algunhas situacións incómodas: longas ringleiras que atrancan o acceso a negocios do casco histórico, dificultade de paso de vehículos autorizados, persoas esperando ao sol ou á choiva soportando calor ou frío, etc. Todo iso sen dúbida podería enturbar a imaxe que se dá da cidade e alterar de forma significativa a vida diaria das persoas residentes.

Este grupo municipal cre que o Concello de Santiago debe anticiparse a esta realidade e urxir e colaborar coas entidades responsables da Catedral de Santiago para implementar algunha solución tecnolóxica, que regule os fluxos de visitantes e evite esas situacións negativas. Sería de utilidade unha plataforma ou unha app, cun código QR asociado ao DNI ou pasaporte do visitante, que ofrecese xestión e información en tempo real sobre o acceso á catedral, mediante a reserva e retirada previa de tickets, desde a súa casa ou desde o hotel, co seu teléfono móbil ou tablet, cun horario aproximado de entrada, etc. Así mesmo, eses datos de afluencia poderían servir tamén ao Concello para instalar ou reforzar servizos públicos na contorna da Catedral en momento puntuais.

Á vista de todo ou exposto, formulamos a seguinte proposta de

ACORDO

Que por parte do correspondente órgano do Concello de Santiago se inicien contactos e se colabore cos responsables da Catedral de Santiago na adopción de medidas que permitan regular os fluxos incontrolados de visitantes e eviten ou contribúan a mitigar os problemas que se producen no contorno catedralicio e que en diversas ocasións foron tamén denunciados por asociacións de comerciantes.

MOCIÓN PARA A RECUPERACIÓN DA DISPOSICIÓN ADICIONAL DE APOIO AO CONSORCIO DE SANTIAGO NOS ORZAMENTOS DO ESTADO PARA 2020

O Grupo Municipal do Partido Popular, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, a seguinte MOCIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Lei de Orzamentos do Estado de 2018, aprobada nas Cortes Xerais por proposta do Partido Popular, recollía o apoio da Administración do Estado ás actividades do Consorcio de Santiago vinculadas ao Ano Santo Xacobeo 2021 e á Catedral de

Santiago. Esa vontade -que viña a potenciar a achega económica de 4,55 millóns de euros comprometida para o Consorcio en 2018, así como o recoñecemento do Xacobeo 2021 como acontecemento de especial interese público, o que implicaba á súa vez o recoñecemento de beneficios fiscais para este evento- aparecía recollida na Disposición Adicional centésima trisécima quinta onde se expresaba que *“o Goberno apoia o labor desenvolvido polo Consorcio de Santiago, como órgano instrumental do Real Padroado da Cidade de Santiago, no cumprimento dos seus fins dirixidos á preservación e revitalización do Patrimonio cultural representado pola Cidade de Santiago e a súa Catedral, nos seus aspectos histórico-artísticos e arquitectónicos, á difusión dos valores europeístas e ao desenvolvemento e potenciación das actividades turísticas e culturais vinculadas ao itinerario xacobeo. A tal fin dispoñeranse as actuacións necesarias para o desenvolvemento das actividades extraordinarias que realice o Consorcio de Santiago vinculadas ao Ano Santo Xacobeo 2021.”*

A pesar de que o Goberno socialista asumiu durante o ano 2018 o orzamento elaborado polo Goberno do Partido Popular, a citada disposición non só non se fixo efectiva ao longo daquel exercicio, senón que nas previsións para o novo ano 2019 foi eliminada de forma inesperada e, sobre todo inmotivada.

Ao non prosperar o proxecto de orzamentos para 2019 do Goberno do Estado do Partido Socialista, tivéronse que prorrogar forzosamente os orzamentos elaborados, e aprobados, baixo o mandato do Partido Popular, o que implicaba a vixencia da devandita disposición. Porén, o goberno do Sr. Sánchez, tampouco durante todo o 2019 fixo efectiva en ningún momento esta disposición adicional que permitiría incrementar o orzamento e/ou as actividades do Consorcio da Cidade de Santiago nos obxectivos e programas do Xacobeo 2021 ou en actuacións na Catedral de Santiago.

Este escenario de absoluta desatención por parte do Goberno do Estado dun evento de carácter internacional e importancia capital non só para Santiago e Galicia, senón tamén para España, pode ser emendado polo Goberno do Estado recentemente constituído que haberá de elaborar uns novos Orzamentos para o actual ano 2020. Para evitar que aconteza o “esquecemento” do ano pasado, e dada a importancia de manter o pronunciamento expreso de apoio do Goberno central ás actividades vinculadas ao Ano Santo Xacobeo de 2021 e á Catedral de Santiago, propónse ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte

ACORDO

O Pleno do Concello acorda:

1. Instar ao Goberno da Nación para que procedan á incluír no Proxecto de Orzamentos do Estado para o ano 2020 unha achega económica explícita e finalista extraordinaria

para o Consorcio da Cidade de Santiago, para apoio ás actividades do Consorcio de Santiago vinculadas ao Ano Santo Xacobeo 2021 e á Catedral de Santiago.

2. Solicitar dos grupos parlamentarios do Congreso dos Deputados e do Senado o seu apoio, dándolles, ao tempo, traslado deste acordo.

3. Dar traslado deste acordo ao Goberno da Nación e ao Parlamento de Galicia, así como á Xunta de Galicia.

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE COMPOSTELA ABERTA PARA INSTAR AO MINISTERIO DE TRANSPORTE, MOBILIDADE E AXENDA URBANA A REALIZAR ACTUACIÓNS URGENTES PARA O EQUILIBRIO TERRITORIAL E PENDENTES EN SANTIAGO DE COMPOSTELA

O Grupo Municipal de Compostela Aberta, ao abeiro do regulamento orgánico municipal do Concello de Santiago, presenta a seguinte moción para o seu debate no Pleno.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

No pasado mandato o Concello de Santiago practicou o diálogo con outras institucións para desatascar proxectos que estaban encallados desde anos atrás. Unha das interlocucións máis fructíferas foi a establecida co Ministerio de Fomento, fundamentalmente na etapa na que a súa titular foi Ana Pastor, para avanzar en obras e compromisos que anteriores gobernos municipais non conseguiran resolver.

O primeiro exemplo dos froitos desta interlocución produciuse xa no 2015, cando Compostela Aberta chegou ao Goberno e o barrio de Conxo levaba cinco meses co tráfico cortado, desde que en novembro de 2014 se colocara a primeira pedra dunha obra que non arrancaba. A capacidade de diálogo do anterior Goberno conseguiu que as obras finalmente se iniciasen, e que o Ministerio se comprometese coa humanización da rotonda, aínda non executada. Na mesma liña de interlocución polos intereses da cidade, Compostela Aberta conseguiu aprobar o proxecto da nova estación intermodal despois de décadas de espera, unha infraestrutura que mellorará as comunicacións da capital de Galicia co resto da península e que implantará a intermodalidade entre os medios de transporte colectivos e particulares. Tamén o recente inicio de licitación do orbital e conexións norte da cidade son outro exemplo desa capacidade de diálogo. No anterior mandato o Concello mantivo a esixencia ao Goberno do Estado da construción do orbital, para mellorar a conexión dos polígonos do Tambre e da Sionlla coa AP-9 e a A-54. Conxuntamente co tecido empresarial, conseguimos que o Goberno de Rajoy orzara a infraestrutura, que agora está a ser licitada polo Goberno de Sánchez. Corresponde á actual corporación municipal velar porque estas obras se executen con celeridade, posto

que o orbital é unha ferramenta imprescindible para o desenvolvemento industrial e urbanístico de Santiago.

Aínda que os avances podan semellar evidentes, o Ministerio anteriormente coñecido como Fomento e actualmente como de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana ten aínda débedas históricas pendentes con Compostela. Talvez unha das máis evidentes sexa a humanización da rotonda de Conxo comprometida polo Ministerio e para a que xa existe un acordo asinado en novembro de 2018. Un convenio que ten como obxectivo completar as actuacións xa executadas polo Ministerio na SC-20, ao construír o túnel de Conxo, para cubrir o oco da glorieta, recollendo as demandas da veciñanza do barrio. En virtude do convenio, o Ministerio ten que asumir a execución do proxecto de integración ambiental da rotonda, cun orzamento base de licitación dalgo máis de 240.000 euros, vinculante este acondicionamento superior da rotonda ao acordo que o Concello ten coa Xunta para a mellora das entradas dos camiños de Santiago, neste caso do Camiño Portugués. Unha vez finalizadas e recepcionadas estas obras, o Concello de Santiago aceptará a transferencia da titularidade da rotonda e dos seus ramais.

Xunto a esta, a mellora das vías de titularidade estatal no seu paso por Santiago de Compostela é outra das urxencias que o Ministerio debe abordar canto antes. Comezando pola propia SC-20, popularmente coñecida como o periférico, para a cal o Consello de Ministras recentemente licitou traballos de rehabilitación e repintado do firme en peor estado, por un orzamento de 241.903 euros. Uns traballos e unha cantidade que semella insuficiente para a posta a punto que esta infraestrutura necesita, agora que se cumpren 25 anos desde a súa inauguración. Por último, existen dúas demandas históricas cara ao Ministerio que non poden ficar esquecidas, como son a mellora da N-525, fundamentalmente a humanización da estrada ao seu paso pola parroquia do Eixo; e a mellora da N-550 ao seu paso polas parroquias de Marantes e Enfesta.

O pasado domingo, a edición de Santiago de *La Voz de Galicia* informaba de que o alcalde de Santiago “Xa pedíu un encontro con Ábalos, co orbital e a estación de tren de fondo” como “prioridades en infraestruturas” para o novo goberno español. Segundo a mesma noticia, semella que o resto de actuacións urxentes, sobre todo do punto de vista do equilibrio territorial, non están a ser urxidas ou reclamadas polo Goberno local.

Por todo isto, o Grupo Municipal de Compostela Aberta presenta á consideración do Pleno o seguinte:

ACORDO:

1. Mostrar o apoio da Corporación á urxencia expresada pola alcaldía de Santiago para que se aceleren os compromisos adquiridos polo Ministerio no anterior mandato municipal, como son as obras do Orbital e da Estación Intermodal.

2. Instar ao Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana a incorporar a estas demandas a execución do convenio para a humanización da rotonda de Conxo, unha reparación e restauración integral da SC-20, a humanización da N-525 ao seu paso polo Eixo e a mellora da N-550 a altura de Marantes e Enfesta.

MOCIÓN PARA DIVULGAR O LEGADO DE ISAAC DÍAZ PARDO NO CENTENARIO DO SEU NACEMENTO

O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción para o seu debate en Pleno destinada a desenvolver un programa de actividades para a divulgación do legado de Isaac Díaz Pardo no centenario do seu nacemento.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No número 37 da rúa das Hortas, en Santiago de Compostela, naceu Isaac Díaz Pardo o 22 de agosto de 1920. Cen anos despois, cómpre recoñecer o legado que deixou para a capital de Galiza este pintor, deseñador, ceramista, escritor, promotor cultural, editor e empresario compostelán.

Nesa casa familiar de Camilo Díaz Baliño e Antonia Pardo Méndez, pai e nai de Isaac, convocáronse as primeiras reunións das Irmandades da Fala nas que participaron Daniel Castelao, Ánxel Casal, María Miramontes, Vicente Risco, Otero Pedrayo, Ramón Cabanillas, Antón Vilar Ponte e Francisco Asorey, entre outros. O baixo da vivenda era un obradoiro artístico e de deseño, de onde saíu a campaña gráfica a favor do Estatuto de Autonomía, coa cartelaría deseñada por Castelao man a man con Isaac Díaz Pardo. Destaca tamén a innovadora intervención de propaganda, atribuída a Isaac Díaz Pardo, que nos días previos ao referendo de 1936 cubriu a praza do Obradoiro coa lenda “Estatuto de Autonomía SI” e unha estrela de grandes dimensións pintada no centro.

Cando rematou a Guerra civil española, conseguiu unha bolsa da Deputación Provincial da Coruña e marchou estudar á Real Academia de Belas Artes de San Fernando, en Madrid. Entre 1942 e 1943 traballou como profesor na Escola Superior de Belas Artes de San Xurxo de Barcelona e realizou diversas exposicións en Madrid, Barcelona, Londres, Bos Aires, Vigo e a Coruña, entre outros, onde vendeu gran parte da súa obra plástica desa etapa. En 1945 casou coa pintora Carmen Arias Montero “Mimina”, que tamén realizara estudos na Academia de Belas Artes de Madrid.

En 1949 creou en Sada a fábrica Cerámicas do Castro cunha serie limitada de obras de artistas e gañou sona coa produción de vaixelas. En 1955 viaxaron a Arxentina e alí creou unha nova empresa de cerámica. Nesa estadía relacionáronse con artistas galegos



no exilio como Luís Seoane, Rafael Dieste, Arturo Cuadrado Moure e Lorenzo Varela. Dese vínculo xorde o Laboratorio de Formas de Galiza, ideado xunto con Luís Seoane, coa intención de recuperar e proxectar a identidade do país que, con posterioridade, daría pé a erguer o tecido empresarial do Grupo Sargadelos.

De volta a Galiza, en 1963 fundou Edicións do Castro, especializada na divulgación de temas culturais e históricos. Coa colección “Documentos para historia contemporánea de Galiza” deu a coñecer en máis de 250 publicacións feitos e personaxes da historia recente do noso país. Nesa etapa destaca tamén o seu labor como acolledor de persoas exiliadas e emigrantes que regresan ao país.

Do seu afán emprendedor, seguiron a creación do Museo Carlos Maside, o Instituto Galego de Información, o Seminario de Estudos Cerámicos, o Novo Seminario de Estudos Galegos, o Laboratorio de Industria e Comunicación e as galerías de Sargadelos que, ademais da venda de porcelana e libros, se converteron en puntos de encontro coa organización de actividades para compartir coñecemento e divulgación da cultura galega. O edificio do Instituto Galego de Información (IGI) fundado en 1977 e situado en San Marcos, ademais de usalo para a súa residencia nesa etapa, serviulle para compilar material da cultura galega no exilio, o fondo de documentación política do Consello de Galiza presidido por Castelao e boa parte do patrimonio artístico de Camilo Díaz Baliño, entre outros.

Entre os recoñecementos que recibiu están a Medalla de Ouro e a declaración como Fillo Predilecto da Cidade de Santiago de Compostela (1988), Premio Otero Pedrayo das Deputacións Provinciais (1990), Insignia de Ouro (1991) e Doutor Honoris Causa (1992) da Universidade de Santiago de Compostela, Premio Trasalba da Fundación Otero Pedrayo (1993), Vieira de Prata do Padroado da Cultura Galega de Montevideo (1995), Premio Arquitecto Honorífico do Colexio de Arquitectos de Galiza (2001), Premio das Letras e das Artes de Galiza (2003), Medalla de Ouro de Galiza (2007) e Medalla de Ouro ao Mérito nas Belas Artes (2009).

Parte do seu legado pode consultarse na Cidade da Cultura, pois alí están en réxime de comodato arredor de 16.000 volumes de publicacións da biblioteca de Isaac Díaz Pardo, entre os destacan as coleccións completas de Edicións do Castro e a documentación que compilara mediante o Instituto Galego de Información.

En Santiago de Compostela organizáronse, cando menos, dúas exposicións conmemorativas logo do seu falecemento en 2012. En 2014 no Museo do Pobo Galego a titulada “A vangarda das formas. Obra cerámica de Isaac Díaz Pardo”, unha mostra procedente de Lugo con máis de 350 pezas da evolución creativa da súa cerámica no período de 1947 a 2006; e en 2018 “Con Galiza sempre no horizonte” no Pazo de Fonseca con documentos, fotografías e pezas do traballo de Camilo Díaz Baliño e de



Isaac Díaz Pardo en Compostela que serviu para dar a coñecer parte do labor tanto no deseño gráfico, editorial e escenográfico do pai, como a actividade artística e deseño industrial do fillo.

En palabras de Manolo Rivas, Isaac Díaz Pardo “construíu en Galiza a utopía da Bauhaus”; na voz de Neira Vilas, foi “un grande amador de Galiza, xeneroso, traballador e modesto”; Laura Tato definiuno como “pintor, escritor, editor, ceramista e promotor do que foi o mellor símbolo da cultura galega”; e Víctor Freixanes considerouno “un pulmón incansábel da cultura galega e unha marca de modernidade no galeguismo do século XX”.

Por estes motivos, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

O Concello de Santiago de Compostela, con motivo do centenario do nacemento de Isaac Díaz Pardo, desenvolverá un programa trimestral de actividades entre as que se propoñen as seguintes:

1. Erixir unha escultura en bronce que o represente e que se podería colocar nun lugar polo que el acostumaba pasar moito: diante da galería Sargadelos ou no camiño cara ao Museo do Pobo Galego.
2. Realizar un mural de Isaac Díaz Pardo, que pode ser con pezas de cerámica, dalgũa das súas obras ou dunha representación da súa imaxe.
3. Elaborar unha chapa con algunha das súas imaxes e o texto “Sempre” coa tipografía do Sempre en Galiza de Bos Aires.
4. Organizar *performances* reivindicativo-culturais para poñer en valor os lugares de referencia de Díaz Pardo en Compostela.
5. Divulgar roteiros por Santiago e visitas por lugares de Galiza que se relacionan con el (Sargadelos, O Castro...)
6. Realizar un documental, pois hai imaxe e audiovisuais que sería interesante difundir para dar a coñecer a súa traxectoria.

MOCIÓN PARA INSTAR AO GOBERNO DO ESTADO A ABOAR A DÉBEDA PENDENTE A GALICIA

O Grupo Municipal do Partido Popular, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, a seguinte MOCIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A día de hoxe o Goberno central segue a reter a liquidación dunha mensualidade do IVE de 2017 (200 millóns de euros) e négase a pagar os incentivos que lle corresponden a Galicia polo bo desempeño fiscal nos anos 2017 e 2018 (170 millóns de euros).

En declaracións realizadas o día 21 de xaneiro deste ano 2020 tras a reunión do Consello de Ministros, a ministra de Facenda e portavoz do Goberno alegou que era unha cuestión que “tocaba no ano 2019” e que “xa se perdeu esa oportunidade de poder resarcir”, culpando aos partidos políticos que non aprobaron o proxecto de Presupostos Xerais do Estado.

Esta explicación non só carece de fundamento xurídico ningún, senón que supón romper o compromiso que a propia ministra asumiu persoalmente en agosto de 2018 e que levou á Xunta de Galicia a prever eses ingresos nos seus propios orzamentos.

O Goberno central debe adoptar unha solución urxente para transferir estes recursos, que lle corresponden á cidadanía de Galicia. No caso do IVE son cartos de todos os galegos, que o Goberno xa recadou, que o Goberno ten no seu poder e que se nega a transferirnos.

Existe un problema global, o do IVE, que é común para todas as comunidades autónomas, deputacións provinciais e entidades locais, e que demanda unha solución común. As comunidades están en emerxencia financeira e estes recursos destinaráanse á prestación de servizos públicos esenciais. É evidente que se non chegan estes recursos as comunidades terán que endebedarse e retrasar pagamentos.

E existe outro problema específico para Galicia, que se fixo acreedora de cobrar os incentivos fiscais polo seu cumprimento de todas as regras fiscais, tanto no ano 2017 como no ano 2018, que ten que ter unha solución específica para a nosa Comunidade.

O impacto económico desta decisión do Goberno central afecta directamente ao sistema de financiamento autonómico, pero tamén pode supor unha perda de recursos para os veciños do noso concello, polo que esta Corporación non debería permanecer allea a esta reivindicación.

Polo exposto, o Grupo Municipal Popular presenta a seguinte proposta de

ACORDO

1. Declarar o apoio do Concello de Santiago á reivindicación da Xunta de Galicia ante o Goberno de España para que ingrese as contías do Imposto sobre o Valor Engadido (IVE) non liquidadas correspondentes ao exercicio 2017, como consecuencia da implantación do sistema de Información Inmediata.
2. Declara o apoio deste Concello á reivindicación da Xunta de Galicia ante o Goberno de España dunha convocatoria urxente do Consello de Política Fiscal e Financeira, cunha orde do día que inclúa un punto específico para abordar a aprobación a Galicia dos incentivos polo seu bo desempeño fiscal nos anos 2017 e 2018.
3. Dar traslado destes acordos ao Goberno de España, á Xunta de Galicia e aos grupos parlamentarios do Congreso dos Deputados e do Parlamento de Galicia

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE COMPOSTELA ABERTA PARA CONSTRUIR UNHA NOVA PISCINA MUNICIPAL CUBERTA EN SANTA MARTA

O Grupo Municipal de Compostela Aberta, ao abeiro do regulamento orgánico municipal do Concello de Santiago, presenta a seguinte moción para o seu debate no Pleno.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Santiago de Compostela é unha cidade que respira deporte por todos os currunchos, onde se poden ver persoas practicando diferentes disciplinas e modalidades. Ben sexa por lecer ou saúde, ben sexa desde a práctica deportiva federada, o certo é que a veciñanza que practica deporte ten medrado esponencialmente nos últimos anos. Unha dinámica crecente que non se circunscribe exclusivamente a aqueles deportes que teñen maior difusión mediática e institucional, senón que se fai extensiva a outras prácticas máis invisibilizadas como é o caso da natación.

A natación é un dos deportes máis completos que, nosa cidade, é practicado por millares de persoas nas instalacións públicas tanto no Multiusos Fontes do Sar como no Complexo Deportivo de Santa Isabel, superando entre ambas piscinas os máis de 300.000 usos anuais, dos que $\frac{1}{3}$ correspóndense con usos dos clubs federados. Cifras ás que habería que sumar tamén os da piscina universitaria e doutras de carácter privado que existen en Compostela. Con estes datos non é de estrañar que a demanda dun novo espazo público para practicar a natación sexa cada vez máis palpable, algo que aínda semella máis urxente se temos en conta que as limitacións actuais están a frear o crecemento dos clubs deportivos da cidade.



Aínda así, no pasado campionato galego de inverno o Clube Deportivo Natación Cidade de Santiago, que conta con 108 licenzas federativas, conseguiu 16 medallas e participou na inmensa maioría de categorías. Pola súa banda, o Clube Waterpolo Santiago é tamén un habitual nos podios das competicións galegas, e, ademais, nos últimos anos ben de triplicar o número de licenzas federativas de 31 a 91. Tamén os clubs Triathlon Compostela e Triathlon Arcade son usuarios habituais das piscinas públicas para poder entrenar nas súas disciplinas deportivas.

Compre continuar co Plan de mellora e mantemento de instalacións iniciado no anterior mandato e seguir dignificando as instalacións de Santa Isabel, así como cubrir a piscina do Multiusos coa cuberta acristalada que substitúa ao globo actual e permita usar esta instalación con garantías durante todo o ano e un maior número de horas. Melloras que facilitarán o uso destas instalacións, pero que non darán unha solución integral e suficiente ás demandas para a práctica da natación existentes en Santiago a día de hoxe.

É por todo isto que nos últimos anos ven collendo forma a necesidade de construír unha nova instalación deportiva centrada na práctica da natación, que conte cunha piscina - que podería ser a primeira de dimensións olímpicas en Galicia- e que se sitúe na zona sur da cidade onde hai solo disponible, por exemplo, na parcela DEP do SUP-6-. Unha idea colectiva que debería ver a luz durante o presente mandato para poder desfrutar dela canto antes, posto que o investimento en infraestruturas deportivas é un investimento en saúde e, polo tanto, moi rendible sobre todo, a longo prazo.

Por todo o anterior, o Grupo Municipal de Compostela Aberta presenta á consideración do Pleno o seguinte:

ACORDO:

1. Instar ao correspondente órgano de goberno de Santiago a elaborar unha planificación plurianual para que, durante o mandato 2019-23, se desenvolva un novo centro deportivo na zona sur da cidade, incorporando unha nova piscina que complemente as instalacións existentes; destinada a clubs de natación, waterpolo e triatlón e aberta a demandas de novas persoas usuarias; e especializada pola mañá no uso escolar, no uso terapéutico para persoas maiores, en programas para mulleres embarazadas, bebés, etc.
2. Impulsar unha comisión de traballo municipal na que, estando representados todos os grupos da Corporación, tamén participen representantes dos clubs que practican natación en Santiago, co obxectivo de marcar as necesidades específicas para a natación desta nova piscina cuberta no ámbito de Santa Marta.
3. Instar á Xunta de Galicia e á Deputación da Coruña a colaborar co Concello de Santiago na construción e financiamento desta nova infraestrutura deportiva que será

integrada na rede de piscinas públicas conxuntamente coa de Santa Isabel e a do Multiusos.

As mocións presentadas polo BNG: relativa a sanidade pública, foi substituída por unha moción conxunta dos grupos políticos municipais (PSdeG-PSOE, CA e BNG); e as mocións relativas á celebración do Día de Rosalía e sobre a divulgación do legado de Isaac Díaz Pardo, foron substituídas por mocións conxuntas dos catro grupos políticos municipais (PSdeG-PSOE, PP, CA e BNG).

Os textos das devanditas mocións transcríbense a continuación:

MOCIÓN CONXUNTA DOS GRUPOS MUNICIPAIS PSdeG-PSOE, CA e BNG PARA A MELLORA DA SANIDADE PÚBLICA

En substitución da moción presentada polo grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego o día 13 de xaneiro de 2020 (con número de rexistro 10), os grupos municipais PSdeG-PSOE, CA e BNG presentan a seguinte moción conxunta para o seu debate no Pleno da Corporación:

Exposición de motivos:

A Corporación municipal do Concello de Santiago está preocupada pola situación e perspectivas da sanidade pública tanto do noso concello como da Área de Saúde á que pertencemos, como consecuencia da política sanitaria da Xunta de Galicia, presidida por Feijóo, baseada nos recortes de recursos, no desmantelamento de hospitais comarcais, no abandono dos Centros de Atención Primaria, na ocultación e manipulación das listas de espera, na precarización e explotación do persoal e na privatización. Estas políticas levan a sanidade pública a un punto de difícil retorno.

As protestas dos Centros de Saúde, o levantamento da poboación de Verín contra o peche da sala de partos do seu hospital e as protestas de nais e pais contra a falta de pediatras son algunhas das manifestacións do malestar cidadán fronte a esta crise sanitaria.

Cremos que estamos ante un momento importante para a nosa cidade, en que a Corporación municipal como representantes do conxunto da cidadanía, indistintamente da forza política á que pertencen os seus membros, deberíamos traballar conxuntamente para que en Santiago de Compostela se poida dispor duns servizos sanitarios públicos de calidade. Non se pode nin se debe admitir a deterioración do noso sistema polos recortes e privatizacións do Sistema Sanitario Público.



Os municipios da Área de Saúde de Santiago de Compostela necesitan uns servizos públicos de sanidade acordes co desenvolvemento social, cultural e democrático dos tempos actuais.

Por todo o anterior, o Pleno da corporación **ACORDA:**

1. Apoiar a manifestación convocada por SOS Sanidade Pública, o vindeiro 9 de febreiro en Compostela.
2. Demandar ao Goberno galego a adecuación dos orzamentos da Consellaría de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde ás necesidades reais do nosos Centros de Saúde e dotalos do persoal necesario para garantir una atención accesíbel e de calidade.
3. Esixir o cese da política de desmantelamento e peche de servizos nos hospitais da nosa área.
4. Revisar os concertos cos hospitais e clínicas privadas e eliminar aqueles que non sexan necesarios, tal como dispón a Lei Xeral de Sanidade.
5. Reducir as listas de espera e tempos de demora das consultas de atención especializada, probas diagnósticas, cirurxía e procedementos terapéuticos. Publicar as listas de espera ocultas e acabar coa súa manipulación.
6. Paliar a carencia de recursos públicos sociosanitarios da área sanitaria, actualmente moi insuficientes, dadas as características de idade da nosa poboación.
7. Acabar coa política de privatizacións de recursos e de derivar pacientes as clínicas privadas de xeito innecesario.
8. Desenvolver un Plan de Mellora da Atención Primaria, da Saúde Mental e de Atención á Saúde das Mulleres.
9. Acabar coa política de persoal dos servizos de saúde baseada na precariedade e na explotación laboral.
10. Comunicar a presente moción da Corporación Municipal de Santiago de Compostela á Consellaría de Sanidade, ao conxunto da poboación e dar, cos medios posíbeis para o Concello, a máxima difusión ao seu contido.

MOCIÓN CONXUNTA DOS GRUPOS MUNICIPAIS PSdeG-PSOE, PP, CA e BNG PARA A CELEBRACIÓN DO DÍA DE ROSALÍA



O 24 de febreiro celébrase o Día de Rosalía de Castro co obxecto de difundir a obra, o pensamento e o impulso ao idioma galego que supuxo a recuperación do uso literario por parte da escritora galega máis universal.

Ademais da organización de actividades destinadas á veciñanza e alumnado de centros escolares mediante lecturas públicas da súa obra, faise necesario sinalizar un roteiro da súa vinculación con Santiago de Compostela para dar a coñecer os lugares onde viviu, traballou e tivo significada presenza Rosalía de Castro.

A Casa de Rosalía en Padrón, sostida pola Fundación Rosalía de Castro, é unha entidade privada sen ánimo de lucro que foi creada en 1947 por persoas vinculadas ao galeguismo. A colaboración económica de familias, empresas e institucións de todo o país e da emigración galega fixeron posíbel a apertura da Casa-Museo en 1972. Na actualidade, están nun proceso de adhesións na procura de financiamento para ofrecer un mellor servizo de difusión do legado de Rosalía de Castro coas figuras de voluntariado, amizade, protectorado e mecenado. Este 24 de febreiro é unha boa ocasión para colaborar e estreitar lazos da Corporación municipal compostelá con esta entidade.

Outra das accións que debe realizar o Concello de Santiago é a restauración da escultura en homenaxe a Rosalía de Castro que se atopa no parque da Alameda de Santiago de Compostela, erixida en 1917 por subscripción popular. Ademais de insistir na necesidade de limpeza da obra, con métodos non agresivos para evitar danar a pedra de Novelda e o mármore de Carrara cos que foi realizado o monumento, pódese apreciar que ten algunha parte fragmentada que urxe reparar e frear a súa deterioración.

Por todo o anterior, o Pleno da corporación **ACORDA:**

1. O Concello de Santiago de Compostela, ademais das actividades de lectura pública da obra de Rosalía de Castro este 24 de febreiro, sinalizará un roteiro de xeito permanente nos lugares máis destacados da traxectoria vital e profesional da escritora con información da súa vinculación á cidade.
2. O Concello de Santiago de Compostela procederá á restauración e limpeza da escultura de Rosalía de Castro situada na alameda.

MOCIÓN CONXUNTA DOS GRUPOS MUNICIPAIS PSdeG-PSOE, PP, CA e BNG PARA DIVULGAR O LEGADO DE ISAAC DÍA PARDO NO CENTENARIO DO SEU NACEMENTO

No número 37 da rúa das Hortas, en Santiago de Compostela, naceu Isaac Díaz Pardo o 22 de agosto de 1920. Cen anos despois, cómpre recoñecer o legado que deixou para a

capital de Galiza este pintor, deseñador, ceramista, escritor, promotor cultural, editor e empresario compostelán.

Nesa casa familiar de Camilo Díaz Baliño e Antonia Pardo Méndez, pai e nai de Isaac, convocáronse as primeiras reunións das Irmandades da Fala nas que participaron Daniel Castelao, Ánxel Casal, María Miramontes, Vicente Risco, Otero Pedrayo, Ramón Cabanillas, Antón Vilar Ponte e Francisco Asorey, entre outros. O baixo da vivenda era un obradoiro artístico e de deseño, de onde saíu a campaña gráfica a favor do Estatuto de Autonomía, coa cartelaría deseñada por Castelao man a man con Isaac Díaz Pardo. Destaca tamén a innovadora intervención de propaganda, atribuída a Isaac Díaz Pardo, que nos días previos ao referendo de 1936 cubriu a praza do Obradoiro coa lenda “Estatuto de Autonomía SI” e unha estrela de grandes dimensións pintada no centro.

Cando rematou a Guerra civil española, conseguiu unha bolsa da Deputación Provincial da Coruña e marchou estudar á Real Academia de Belas Artes de San Fernando, en Madrid. Entre 1942 e 1943 traballou como profesor na Escola Superior de Belas Artes de San Xurxo de Barcelona e realizou diversas exposicións en Madrid, Barcelona, Londres, Bos Aires, Vigo e a Coruña, entre outros, onde vendeu gran parte da súa obra plástica desa etapa. En 1945 casou coa pintora Carmen Arias Montero “Mimina”, que tamén realizara estudos na Academia de Belas Artes de Madrid.

En 1949 creou en Sada a fábrica Cerámicas do Castro cunha serie limitada de obras de artistas e gañou sona coa produción de vaixelas. En 1955 viaxaron a Arxentina e alí creou unha nova empresa de cerámica. Nesa estadía relacionáronse con artistas galegos no exilio como Luís Seoane, Rafael Dieste, Arturo Cuadrado Moure e Lorenzo Varela. Dese vínculo xorde o Laboratorio de Formas de Galiza, ideado xunto con Luís Seoane, coa intención de recuperar e proxectar a identidade do país que, con posterioridade, daría pé a erguer o tecido empresarial do Grupo Sargadelos.

De volta a Galiza, en 1963 fundou Edicións do Castro, especializada na divulgación de temas culturais e históricos. Coa colección “Documentos para historia contemporánea de Galiza” deu a coñecer en máis de 250 publicacións feitos e personaxes da historia recente do noso país. Nesa etapa destaca tamén o seu labor como acolledor de persoas exiliadas e emigrantes que regresan ao país.

Do seu afán emprendedor, seguiron a creación do Museo Carlos Maside, o Instituto Galego de Información, o Seminario de Estudos Cerámicos, o Novo Seminario de Estudos Galegos, o Laboratorio de Industria e Comunicación e as galerías de Sargadelos que, ademais da venda de porcelana e libros, se converteron en puntos de encontro coa organización de actividades para compartir coñecemento e divulgación da cultura galega. O edificio do Instituto Galego de Información (IGI) fundado en 1977 e situado en San Marcos, ademais de usalo para a súa residencia nesa etapa, serviulle para



compilar material da cultura galega no exilio, o fondo de documentación política do Consello de Galiza presidido por Castelao e boa parte do patrimonio artístico de Camilo Díaz Baliño, entre outros.

Entre os recoñecementos que recibiu están a Medalla de Ouro e a declaración como Fillo Predilecto da Cidade de Santiago de Compostela (1988), Premio Otero Pedrayo das Deputacións Provinciais (1990), Insignia de Ouro (1991) e Doutor Honoris Causa (1992) da Universidade de Santiago de Compostela, Premio Trasalba da Fundación Otero Pedrayo (1993), Vieira de Prata do Padroado da Cultura Galega de Montevideo (1995), Premio Arquitecto Honorífico do Colexio de Arquitectos de Galiza (2001), Premio das Letras e das Artes de Galiza (2003), Medalla de Ouro de Galiza (2007) e Medalla de Ouro ao Mérito nas Belas Artes (2009).

Parte do seu legado pode consultarse na Cidade da Cultura, pois alí están en réxime de comodato arredor de 16.000 volumes de publicacións da biblioteca de Isaac Díaz Pardo, entre os destacan as coleccións completas de Edicións do Castro e a documentación que compilara mediante o Instituto Galego de Información.

En Santiago de Compostela organizáronse, cando menos, dúas exposicións conmemorativas logo do seu falecemento en 2012. En 2014 no Museo do Pobo Galego a titulada “A vangarda das formas. Obra cerámica de Isaac Díaz Pardo”, unha mostra procedente de Lugo con máis de 350 pezas da evolución creativa da súa cerámica no período de 1947 a 2006; e en 2018 “Con Galiza sempre no horizonte” no Pazo de Fonseca con documentos, fotografías e pezas do traballo de Camilo Díaz Baliño e de Isaac Díaz Pardo en Compostela que serviu para dar a coñecer parte do labor tanto no deseño gráfico, editorial e escenográfico do pai, como a actividade artística e deseño industrial do fillo.

En palabras de Manolo Rivas, Isaac Díaz Pardo “construíu en Galiza a utopía da Bauhaus”; na voz de Neira Vilas, foi “un grande amador de Galiza, xeneroso, traballador e modesto”; Laura Tato definiuno como “pintor, escritor, editor, ceramista e promotor do que foi o mellor símbolo da cultura galega”; e Víctor Freixanes considerouno “un pulmón incansábel da cultura galega e unha marca de modernidade no galeguismo do século XX”.

Por todo o anterior, o Pleno da corporación **ACORDA:**

O Concello de Santiago de Compostela, con motivo do centenario do nacemento de Isaac Díaz Pardo, desenvolverá un programa trimestral de actividades entre as que se propoñen as seguintes:

1. Erixir unha escultura en bronce que o represente e que se podería colocar nun lugar polo que el acostumaba pasar moito: diante da galería Sargadelos ou no camiño cara ao Museo do Pobo Galego.
2. Realizar un mural de Isaac Díaz Pardo, que pode ser con pezas de cerámica, dalgunha das súas obras ou dunha representación da súa imaxe. Para esta tarefa contarase, entre outros colectivos, coa colaboración do IES de Sar.
3. Elaborar unha chapa con algunha das súas imaxes e o texto “Sempre” coa tipografía do Sempre en Galiza de Bos Aires.
4. Organizar actividades artísticas para poñer en valor os lugares de referencia de Díaz Pardo en Compostela.
5. Divulgar roteiros por Santiago e visitas por lugares de Galiza que se relacionan con el (Sargadelos, O Castro...).
6. Promover un documental, pois hai imaxe e audiovisuais que sería interesante difundir para dar a coñecer a súa traxectoria.

Figuran, así mesmo, no expediente da sesión as emendas presentadas ás distintas mocións.

Con relación ás mocións presentadas polos grupos políticos municipais, adoptáronse os seguintes acordos:

A moción presentada polo BNG con data 21 de xaneiro do corrente ano, núm. 19, para a celebración do día de Rosalía, foi substituída por unha moción conxunta de todos os grupos políticos municipais, e o Pleno da Corporación por unanimidade dos/as concelleiros/as acorda:

1. O Concello de Santiago de Compostela, ademais das actividades de lectura pública da obra de Rosalía de Castro este 24 de febreiro, sinalizará un roteiro de xeito permanente nos lugares máis destacados da traxectoria vital e profesional da escritora con información da súa vinculación á cidade.
2. O Concello de Santiago de Compostela, procederá á restauración e limpeza da escultura de Rosalía de Castro situada na Alameda.

A continuación procédese á votación da moción conxunta de todos os grupos políticos municipais, que substitúe á presentada polo BNG o día 22 de xaneiro do corrente ano, núm. 39, relativa a divulgar o legado de Isaac Díaz Pardo, e o Pleno

da Corporación por unanimidade dos/as concelleiros/as acorda, que o concello con motivo do centenario do nacemento de Isaac Díaz Pardo, desenvolverá un programa trimestral de actividades entre as que se propoñen as seguintes:

1. Erixir unha escultura en bronce que o represente e que se podería colocar nun lugar polo que el acostumaba pasar moito: diante da galería Sargadelos ou no camiño cara ao Museo do Pobo Galego.
2. Realizar un mural de Isaac Díaz Pardo, que pode ser con pezas de cerámica, dalgunha das súas obras ou dunha representación da súa imaxe. Para esta tarefa contarase, entre outros colectivos, coa colaboración do IES de Sar.
3. Elaborar unha chapa con algunha das súas imaxes e o texto “Sempre” coa tipografía do Sempre en Galiza de Bos Aires.
4. Organizar actividades artísticas para poñer en valor os lugares de referencia de Díaz Pardo en Compostela.
5. Divulgar roteiros por Santiago e visitas por lugares de Galiza que se relacionan con el (Sargadelos, O Castro...).
6. Promover un documental, pois hai imaxes e audiovisuais que sería interesante difundir para dar a coñecer a súa traxectoria.

En relación á moción presentada polo BNG, con data 13 de xaneiro do corrente ano, núm. 10, que foi reconvertida en moción conxunta dos grupos políticos municipais do PSdeG-PSOE, de CA e do BNG, para a mellora da sanidade pública, o Pleno da Corporación por 17 votos a favor correspondentes aos grupos municipais do PSdeG-PSOE, de CA e do BNG (10 PSdeG-PSOE, 5 CA e 2 BNG), e 8 votos en contra correspondentes aos concelleiros/as do grupo municipal do Partido Popular, acorda:

1. Apoiar a manifestación convocada por SOS Sanidade Pública, o vindeiro 9 de febreiro en Compostela.
2. Demandar ao Goberno galego a adecuación dos orzamentos da Consellaría de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde ás necesidades reais do nosos Centros de Saúde e dotalos do persoal necesario para garantir una atención accesíbel e de calidade.
3. Esixir o cese da política de desmantelamento e peche de servizos nos hospitais da nosa área.

4. Revisar os concertos cos hospitais e clínicas privadas e eliminar aqueles que non sexan necesarios, tal como dispón a Lei Xeral de Sanidade.
5. Reducir as listas de espera e tempos de demora das consultas de atención especializada, probas diagnósticas, cirurxía e procedementos terapéuticos. Publicar as listas de espera ocultas e acabar coa súa manipulación.
6. Paliar a carencia de recursos públicos sociosanitarios da área sanitaria, actualmente moi insuficientes, dadas as características de idade da nosa poboación.
7. Acabar coa política de privatizacións de recursos e de derivar pacientes as clínicas privadas de xeito innecesario.
8. Desenvolver un Plan de Mellora da Atención Primaria, da Saúde Mental e de Atención á Saúde das Mulleres.
9. Acabar coa política de persoal dos servizos de saúde baseada na precariedade e na explotación laboral.
10. Comunicar a presente moción da Corporación Municipal de Santiago de Compostela á Consellaría de Sanidade, ao conxunto da poboación e dar, cos medios posíbeis para o Concello, a máxima difusión ao seu contido.

En canto á votación da moción presentada polo grupo municipal de CA, o día 22 de xaneiro do corrente ano, núm. 43, relativa á construción dunha nova piscina municipal en Sta. Marta, a que presentou emenda o grupo municipal Popular e despois de chegar a acordo sobre un texto transaccional, o Pleno da Corporación acorda:

- a) Por unanimidade dos/as concelleiros/as, instar ao correspondente órgano de goberno municipal a elaborar unha planificación plurianual para que, durante o mandato 2019-2023 se desenvolva un novo centro deportivo polivalente na zona sur da cidade, cunha nova piscina olímpica destinada a clubs de natación, waterpolo e triatlón e aberta as demandas de novas persoas usuarias e especializada pola mañá no uso escolar, no uso terapéutico para persoas maiores, en embarazadas, bebés, etc. Este novo centro deportivo polivalente incorporará unha pista multiusos válida para a maioría do deportes baixo cuberta.
- b) Por 15 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais de CA, do Partido Popular e do BNG (5 CA, 8 PP e 2 BNG), e 10 abstencións correspondentes aos concelleiros/as do grupo municipal do PSdeG-PSOE, impulsar unha comisión de traballo municipal na que, estando representados todos os grupos da

Corporación, tamén participen representantes dos clubs que practican natación en Santiago, co obxectivo de marcar as necesidades específicas para a natación desta nova piscina cuberta no ámbito de Santa Marta.

c) Por unanimidade dos concelleiros/as, instar á Xunta de Galicia e á Deputación Provincial da Coruña a colaborar co concello na construción e financiamento desta nova infraestrutura deportiva que será integrada na rede de piscinas públicas conxuntamente coa de Santa Isabel e a do Multiusos.

No tocante á moción presentada polo BNG, con data 17 de xaneiro do corrente ano, núm. 15, para recuperar o patrimonio galego que se encontra no Museo Arqueolóxico Nacional, á que presentou emenda de substitución o grupo municipal Socialista e posteriormente unha transaccional o BNG, na que se recolle a emenda do PSdeG-PSOE, o Pleno da Corporación por 17 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais do PSdeG-PSOE, de CA e do BNG, e 8 votos en contra correspondentes aos concelleiros/as do grupo municipal Popular, acorda:

1. Demandar do Goberno do Estado que se impulse un acordo coa Xunta de Galicia para a cesión do patrimonio galego que se exhibe no Museo Arqueolóxico Nacional do Ministerio de Cultura, entre o que se encontran pezas do obradoiro do Mestre Mateo pertencentes á Catedral de Santiago de Compostela, do Mosteiro de San Paio de Antealtares e do Convento de Santa Clara.

2. Instar á Xunta de Galicia e á Igrexa a dotar do equipamento e dos recursos técnicos, económicos e humanos que garantan a preservación e exposición pública deste patrimonio singular da nosa cultura nos seus lugares de orixe.

Auséntase un breve espazo de tempo o señor alcalde, e pasa a presidir a sesión, Dona Mercedes Rosón Ferreiro.

Incorpórase o señor alcalde, e segue a presidir a sesión.

Con respecto á moción presentada polo grupo municipal de CA con data 17 de xaneiro do corrente ano, núm. 16, en relación a rede municipal de bibliotecas José Saramago, e despois de ser aceptada a petición do grupo municipal do Partido Popular, de votación separada por puntos, o Pleno da Corporación acorda:

1º. Por 7 votos a favor correspondentes aos grupos municipais de CA e do BNG (5 CA e 2 BNG), 8 votos en contra correspondentes aos concelleiros/as do grupo municipal do Partido Popular, e 10 abstencións dos/as concelleiros/as do grupo municipal do PSdeG-PSOE, e ao non acadar maioría queda rexeitado o primeiro punto

da moción, relativo a instar á Xunta de Galicia a desenvolver unha liña de atención urxente ás bibliotecas, etc.

2º. Por 15 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais de CA, do Partido Popular e do BNG (5 CA, 8 PP e 2 BNG), e 10 abstencións correspondentes aos concelleiros e concelleiras do grupo municipal do PSdeG-PSOE, acorda instar ao órgano de goberno competente do concello a elaborar un informe que posibilite a planificación estratéxica da Rede Municipal de Bibliotecas José Saramago, no que se inclúa un apartado específico que propoña un proceso de recuperación, recollida, dixitalización e arquivo da memoria oral das parroquias e barrios de Compostela.

A moción presentada polo grupo municipal do Partido Popular con data 22 de xaneiro do corrente ano, núm. 28, relativa a regular os fluxos turísticos no contorno da Catedral, á que presentou emenda de substitución o grupo municipal do PSdeG-PSOE, e despois de ser aceptada, o Pleno da Corporación por unanimidade dos/as concelleiros/as acorda, que por parte do correspondente órgano do concello se colabore cos responsables da Catedral de Santiago na adopción de medidas que permitan regular os fluxos de visitantes e eviten ou contribúan a mitigar os problemas que se producen no contorno catedralicio e que en diversas ocasións foron tamén denunciados por asociacións de comerciantes.

A moción presentada polo grupo municipal do Partido Popular, con data de rexistro do día 22 de xaneiro do corrente ano, núm. 29, para a recuperación do apoio ao Consorcio nos orzamentos do Estado, a que presentaron emendas os grupos municipais do BNG e do PSdeG-PSOE, e ao non ser aceptadas polo grupo municipal do Partido Popular, o Pleno da Corporación por 10 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais do Partido Popular e do BNG (8 PP e 2 BNG), e 15 abstencións correspondentes aos concelleiros dos grupos municipais de CA e do PSdeG-PSOE (5 CA e 10 PSdeG-PSOE), acorda:

1. Instar ao Goberno do Estado para que procedan a incluír no proxecto de orzamentos do Estado para o ano 2020 unha achega económica explícita e finalista extraordinaria para o Consorcio da Cidade de Santiago, para apoio ás actividades do Consorcio vinculadas ao Ano Santo Xacobeo 2021 e á Catedral de Santiago.
2. Solicitar dos grupos parlamentarios do Congreso dos Deputados e do Senado o seu apoio, dándolles ao tempo traslado deste acordo.
3. Dar traslado deste acordo ao Goberno do Estado e ao Parlamento de Galicia, así como á Xunta de Galicia.

Auséntase a concelleira, Dona Mercedes Rosón Ferreiro, que xa non se volve incorporar á sesión.

No tocante á moción presentada polo grupo municipal de CA o día 22 de xaneiro do corrente ano, núm. 37, para instar ao Ministerio de Transporte, Mobilidade e Axenda Urbana a realizar actuacións urxentes e pendentes en Santiago de Compostela, a que presentaron emendas os grupos municipais do BNG e Partido Popular, e que non foron aceptadas por CA, o Pleno da Corporación por unanimidade dos/as concelleiros/as presentes acorda:

1. Mostrar o apoio da Corporación á urxencia expresada pola alcaldía do concello, para que se aceleren os compromisos adquiridos polo Ministerio no anterior mandato municipal, como son as obras do orbital e da estación intermodal.

2. Instar ao Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana a incorporar estas demandas á execución do convenio para a humanización da rotonda de Conxo, unha reparación e restauración integral da SC-20, a humanización da N-525 ao seu paso polo Eixo e a mellora da N-550 á altura de Marantes e Enfesta.

A moción presentada polo grupo municipal do Partido Popular o día 22 de xaneiro do corrente ano, núm. 40, para instar ao Goberno do Estado a aboar a débeda pendente con Galicia, á que presentaron emendas os grupos municipais do BNG e do PSdeG-PSOE, que non foron aceptadas polo grupo propoñente da moción, e despois de ser solicitada a votación separada por puntos, o Pleno da Corporación acorda:

1º. Por unanimidade dos/as concelleiros/as presentes, declarar o apoio do Concello de Santiago á reivindicación da Xunta de Galicia ante o Goberno de España para que ingrese as contías do Imposto sobre o Valor Engadido (IVE) non liquidadas correspondentes ao exercicio 2017, como consecuencia da implantación do sistema de Información Inmediata.

2º. Por 8 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as do grupo municipal do Partido Popular e 16 abstencións correspondentes aos concelleiros/as presentes dos grupos municipais do PSdeG-PSOE, de CA e do BNG (9 PSdeG-PSOE, 5 CA e 2 BNG), declarar o apoio deste concello á reivindicación da Xunta de Galicia ante o Goberno de España dunha convocatoria urxente do Consello de Política Fiscal e Financeira, cunha orde do día que inclúa un punto específico para abordar a aprobación a Galicia dos incentivos polo seu bo desempeño fiscal nos anos 2017 e 2018.



3°. Por unanimidade dos/as concelleiros/as presentes, dar traslado destes acordos ao Goberno de España, á Xunta de Galicia e aos grupos parlamentarios do Congreso dos Deputados e do Parlamento de Galicia

O señor alcalde pecha a sesión cando son ás 24:10 horas, do que como secretario, dou fe.

O alcalde-presidente,

O secretario xeral do pleno,

Xosé A. Sánchez Bugallo

José Ramón Alonso Fernández